**Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)**
*Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.:*

**ACTA DA SESIÓN DO PLENO DO CONCELLO DE CARRAL (A CORUÑA) Nº3/2015, ORDINARIA, REALIZADA O 30 DE XULLO DE 2015.**

**ASISTENTES**
**Presidente**
Sr. Alcalde, FERNÁNDEZ MOURIÑO, José Luis(PP)

**Concelleiros/as**
**Grupo municipal do PP**
DUARTE GERPE, Florinda
GARCÍA GONZÁLEZ, Alfonso
RAMILO VARELA, Margarita
BARBEITO REY, Carlos
MONTES MARTÍNEZ, José Manuel
REGUEIRA MOAR, Rubén

**Grupo municipal do PSdeG-PSOE**
COUTO LÓPEZ, Pablo
CETINA MOCHALES, Jesús Javier
BLANCO FIDALGO, Patricia
RODRÍGUEZ LADO, Manuela Candelaria
ORGEIRA CAMPELO, José Francisco

**Grupo municipal mixto**
BERGONDO TRILLO, César Manuel (ACC/SON)

**Interventora do Concello**
Noemí González Mato

**Secretario do Concello**
Diego García Doval

**HORA DE INICIO:** 12:01
**HORA DE REMATE:** 12:58

No Salón de Plenos do Concello, sendo as 12:01 horas do 30 de xullo de 2015, tras convocatoria efectuada polo Señor Alcalde mediante decreto do 27 de xullo de 2015, segundo o acordo plenario do 9 de xullo de 2015 polo que se estableceu a periodicidade das sesións ordinarias do Pleno, reúnense na sesión 3/2015, de carácter ordinario, e en primeira convocatoria, os señores/as corporativos/as expresados/as con anterioridade, procedéndose a abrir o acto, unha vez comprobada polo Secretario a existencia do quórum necesario para a válida constitución do órgano, para deliberar, no seu caso, e adoptar os correspondentes acordos sobre asuntos incluídos na seguinte

**O R D E D O D Í A**

**Parte resolutiva da sesión**

**1.-** Aprobación da acta dunha das sesións anteriores ( nº 1/2015, extraordinaria constitutiva, do 13 de xuño de 2015).

**2.-** Proposta de cambio de denominación do "Campo Municipal de fútbol dos Capelos" por "Campo municipal de fútbol Borja Rodríguez Ans".

**3.**-Proposta de aprobación inicial de modificación puntual das normas subsidiarias de planeamento municipal UA 5 en Carral.

**Parte da sesión de control dos demais órganos da Corporación**

**4.**-Dación de conta de escritos dos/as voceiros dos grupos políticos municipais sobre adscrición dos/as seus/súas representantes en cada comisión informativa.

**5.**- Dación de conta de decretos da Alcaldía e, no seu caso, de reparos da Intervención do Concello.

**6.**- Mocións dos grupos políticos, no seu caso.

**7.**-Rogos e preguntas.

## PARTE RESOLUTIVA DA SESIÓN

### 1.- APROBACIÓN DA ACTA DUNHA DAS SESIÓNS ANTERIORES ( Nº 1/2015, EXTRAORDINARIA CONSTITUTIVA, DO 13 DE XUÑO DE 2015).

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF, en adiante) o señor Alcalde pregunta se algún/ha membro do Pleno desexa formular algunha observación á acta da sesión 1/2015, extraordinaria constitutiva, do 13 de xuño de 2015.

Ao non realizarse ningunha observación, o señor Alcalde somete a votación a acta, e esta é aprobada, en votación ordinaria, por unanimidade dos/as señores/as concelleiros/as que asistiron á sesión referida entre os presentes nesta.

### 2.- PROPOSTA DE CAMBIO DE DENOMINACIÓN DO "CAMPO MUNICIPAL DE FÚTBOL DOS CAPELOS" POR "CAMPO MUNICIPAL DE FÚTBOL BORJA RODRÍGUEZ ANS".

### EXPOSICIÓN

No expediente da sesión consta a seguinte proposta da Alcaldía ao Pleno, do 22 de xullo de 2015, como segue:

"***PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO***

***Asunto: Cambio de denominación do "Campo Municipal de fútbol dos Capelos" por "Campo municipal de fútbol Borja Rodríguez Ans".***

*Logo de ver a proposta realizada o 21 de xullo de 2015 polo señor concelleiro de xuventude e deportes, D. Rubén Regueira Moar, así coma o informe emitido nesa mesma data polo técnico de deportes do Concello de Carral, D. Carlos Alberto Fragoso Parga, e en atención ás circunstancias que neste se explican e aos méritos que concorren no falecido veciño de Carral D. Borja Rodríguez Ans.*

*En uso das atribucións que me confere o artigo 21.1 a), c) e d) da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das bases de réxime local (LRBRL en adiante ), e 80 e 82 do Real Decreto 2568/1986,*

*de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, previo ditame da comisión informativa correspondente,* ***PROPOÑO AO PLENO DO CONCELLO*** *que adopte os seguintes*

***A C O R D O S***

***1.-*** *Cambiar a denominación do* ***"Campo Municipal de fútbol dos Capelos"*** *por* ***"Campo municipal de fútbol Borja Rodríguez Ans"***.

***2.-*** *Facultar ao señor Alcalde para a realización das actuacións necesarias para a execución de tal cambio de denominación.*

***3.-*** *Publicar estes acordos no taboleiro de edictos do Concello e na súa páxina web. "*

A comisión informativa permanente de asuntos xerais do Pleno, emitiu na súa sesión ordinaria do 27 de xullo de 2015 ditame favorábel á proposta, en votación ordinaria, por unanimidade dos/as nove señores/as concelleiros/as dos grupos municipais do PP, do PSdeG-PSOE, e mixto (ACC/SON) que compoñen o órgano e que estiveron presentes na sesión.

**DEBATE**

O señor Bergondo Trillo (voceiro do grupo municipal mixto-ACC/SON) dá lectura á súa intervención e solicita a súa transcrición literal na acta, para o cal facilita a súa transcrición en formato dixital, como segue:

*"Dende a Asemblea Cidadá Carral apoiamos a iniciativa diante da traxedia vivida o 23 de decembro de 2011 nos Cantóns Village da Coruña onde morreu Borja Rodríguez.*

*Aos 5 días do seu falecemento o porteiro do CF. Visantoña, Javier Sánchez, enviaba unha carta de despedida ao seu compañeiro, publicada no blog do fútbol modesto das Mariñas. Aproveito como homenaxe póstumo a Borja Rodríguez para ler as emotivas palabras do seu compañeiro, para que queden reflectidas no acta do pleno do Concello:*

*"Es Navidad, y deberían de ser fechas alegres, llenas de fiestas, de risas, de regalos... Pero tanto en Visantoña como en Carral no lo son. Nos ha tocado vivir un desafortunado suceso con la desaparición de un ser muy querido: desde el pasado día 23 de diciembre, nos falta Borja. Borja, actual jugador del F. C. Visantoña, deja un gran recuerdo en un vestuario huérfano desde ese desgraciado día. En él recordaremos su alegría, su gran madurez, inusual a los 24 años que él tenía, sus ganas de entrenar, su trabajo y su esfuerzo por un club en el que ésta era su segunda temporada, y que aún así parecía que llevase en él toda la vida. En este inicio de temporada, con sus goles y su buen juego, nos ayudó a hacer una gran primera vuelta. Estoy seguro de que su deseo sería poder culminarla cumpliendo el objetivo del ascenso, y es lo que intentaremos con todas nuestras fuerzas para poder dedicárselo. Dejará un hueco en nuestro vestuario que nadie podrá sustituir, para el que miraremos en cada entrenamiento y en cada partido.... Y en el que no te veremos, pero siempre te tendremos en nuestro recuerdo.Para tus compañeros y amigos del Visantoña "Borja Carral", y para los de Carral "Borja Juve": para todos serás inolvidable."*

*Lamentablemente a rapidez de actuación do compañeiro de Borja, contrasta coa lentitude e falta de reflexos dos populares, que tardaron catro anos en facer esta homenaxe mentres permanecían de brazos cruzados diante desta traxedia. Ou ¿acaso fixeron algo? Por exemplo a oposición no concello da Coruña pediu explicacións e denunciou que o plan de autoprotección*

*non se axustaba a normativa vixente ¿Que fixeron vostedes a nivel institucional?, ¿preocupáronse por coñecer si o edificio cumpría a normativa?*

*O luns na comisión informativa o alcalde informou q para o dia da homenaxe, as "obras contratadas estarían rematadas", Menos mal porque fai máis dun ano que comezou o expediente de contratación das obras, unha nova mostra da ineficacia dos populares que está afundindo Carral. Cando fala de "obras contratadas" da a entender se van a facer mais obras nese campo de fútbol, como por exemplo as gradas. Si é así, e coma verdadeira homenaxe, estaría ben que as obras se contraten por procedemento aberto e non de forma tan "orixinal" coma as dos vestiarios cun contrato desenvolvido por procedemento negociado sen publicidade, é dicir a dedo. Apesares de que esta modalidade de contrato so a permite a Lei en situacións moi concretas e coa debida argumentación, algo que non acontecía nesta actuación. Apesares tamén, de que os contratos por procedemento negociado sen publicidade teñen un sobrecuste aproximado do 30% en relación aos procedementos abertos que promoven a libre concorrencia e a competencia entre empresas o que supón unha baixada de prezos.*

*Fagamoslle unha homenaxe de verdade e intentemos q ese campo de futbol sexa o mais....".*

O señor Couto López (voceiro do grupo municipal do PsdeG-PSOE) manifesta o apoio do seu grupo á iniciativa, perante unha traxedia tan grande, e engade que estarán na homenaxe para acompañar á familia.

**VOTACIÓN E ACORDOS**

Sometida a votación, o Pleno aproba a proposta, en votación ordinaria, por unanimidade dos/as trece señores/as Concelleiros/as que compoñen a Corporación e están presentes na sesión, adoptando os seguintes acordos:

**1.-** Cambiar a denominación do **"Campo Municipal de fútbol dos Capelos"** por **"Campo municipal de fútbol Borja Rodríguez Ans"**.

**2.-** Facultar ao señor Alcalde para a realización das actuacións necesarias para a execución de tal cambio de denominación.

**3.-** Publicar estes acordos no taboleiro de edictos do Concello e na súa páxina web.

**3.-PROPOSTA DE APROBACIÓN INICIAL DE MODIFICACIÓN PUNTUAL DAS NORMAS SUBSIDIARIAS DE PLANEAMENTO MUNICIPAL UA 5 EN CARRAL.**

**EXPOSICIÓN**

No expediente da sesión consta a seguinte proposta da Alcaldía ao Pleno, do 8 de maio de 2015, como segue:

**"*PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO***

***Asunto: Aprobación inicial de modificación puntual das normas subsidiarias de planeamento municipal UA 5 en Carral.***

*Logo de ver o documento "Modificación puntual de las normas subsidiarias de planeamiento municipal UA-5 en Carral", na súa versión datada en setembro de 2014, elaborado por Naos 04 Arquitectos, SL.P., coa seguinte finalidade indicada na súa memoria: "Con el presente*

*proyecto se pretende plantear la modificación puntual de las Normas Subsidiarias de Planeamiento Urbanístico del Municipio de Carral en la unidad de ejecución UA-5. Las normas subsidiarias vigentes clasifican el suelo como urbano, para adaptarse a la LOUG se tendrá en cuenta como suelo urbanizable delimitado. Se variará la tipología edificatoria añadiendo a la de residencial de baja densidad a edificación de bloque abierto. Además pretende ordenar la unidad UA-5 distribuyendo la edificabilidad y las áreas libres".*

*Para chegar á redacción de tal documento seguiuse a tramitación que se indica nos antecedentes do informe emitido conxuntamente pola técnica de administración xeral do Concello, Dª Sonia Campos Ares, e polo arquitecto D. Félix Quijano Yáñez o 6 de novembro de 2014, que se reproduce a continuación:*

***"INFORME DOS SERVIZOS TÉCNICOS E XURÍDICOS MUNICIPAIS DE CONFORMIDADE COA LEGALIDADE E CALIDADE TÉCNICA DA ORDENACIÓN :***

***ASUNTO.***
*Modificación puntual das Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal do concello de CARRAL, no ámbito da unidade de actuación 5,*

***INFÓRMASE.***

***I. FINALIDADE E ALCANCE DO INFORME.***
*Este informe redáctase para dar conta das modificacións realizadas logo da recepción do informe previo á aprobación inicial da Secretaria Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo no documento para aprobación inicial da Modificación puntual das Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal do concello de CARRAL, no ámbito da unidade de actuación 5*

***II. NORMATIVA DE APLICACIÓN.***
- ***LOUG**. Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e modificacións ata a Lei 2/2010, do 29 de decembro, texto consolidado coas modificacións introducidas polas leis 15/2004, 6/2007, 3/2008, 6/2008, 18/2008, 2/2010, 15/2010, 4/2012 , 8/2012, e 9/2013.*
- ***TRLS** Real decreto lexislativo 2/2008, do 20 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei do solo.*
- ***RDU**. Decreto 28/1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia.*
- ***NSPM**. Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal de Carral (B.O.P. 26.04.1994) Consta na Oficina Municipal exemplar facilitado pola Secretaría Municipal con dilixencia de aprobación de data 26.01.1994.*
- *Decreto 29/2010, polo que se aproban as Normas de habitabilidade de vivendas de Galicia*
- *Lei 9/2006, de 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente*
- *Real decreto 2159/1978, de 23 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Planeamento para o desenvolvemento da Lei sobre réxime do solo e ordenación urbana.*
- *Normas complementarias e subsidiarias de planeamento da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra (Resolución do 14 de Maio do 1991, Consellaría de Ordenación do Territorio e Obras Públicas)*

***III. ANTECEDENTES.***

*As Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal de Carral recibiron a aprobación definitiva por parte da Comisión provincial de urbanismo polo acordo do 20.01.1994, e a normativa foi publicada o 26/04/1994 (BOP nº 93), e foron redactadas ao abeiro do Real Decreto Lexislativo 1/1992, do 26 de Xuño, Texto Refundido da Lei sobre o Réxime do Solo e Ordenación Urbana, e da Lei 11/1985, do 22 de Agosto, da Comunidade Autónoma Galega sobre a adaptación da do Solo a Galicia.*

*En dito documento o ámbito obxecto deste informe está clasificado como **SOLO URBANO** do núcleo urbano de Carral, e está incluído na relación de unidades de execución integral como UA-5.*

*A unidade de actuación 5 ten unha ficha, na que se fixa:*

| | |
|---|---|
| *ORDENANZA REGULADORA* | *[2] de edificación residencial de baixa densidade.* |
| *SUPERFICIE DA ACTUACIÓN* | *22.500 $m^2$* |
| *CESIÓNS AREAS LIBRES* | *28 $m^2$/vivenda ou por 100 $m^2$ de edificación* |
| *EDIFICABILIDADE* | *0,4 $m^2/m^2$* |

*Establécese que a unidade de actuación se deberá ordenar detalladamente por medio de un Plan Especial de Reforma Interior.*
*En aplicación do réxime transitorio da Lei 9/2002, e sen prexuízo do disposto na Disposición Transitoria segunda en relación ao prazo máximo para a adaptación do planeamento urbanístico, para os municipios con planeamento non adaptado será de aplicación o disposto na Disposición transitoria primeira da Lei. Segundo o disposto no apartado "c) Ao resto do solo urbano e, en todo caso, ao incluído en polígonos, unidades de execución ou de actuación dos municipios con planeamento non adaptado á Lei 1/1997, do solo de Galicia, aplicaráselles o disposto por esta lei para o solo urbano non consolidado e poderá executarse de acordo coa ordenación establecida polo planeamento vixente no prazo de tres anos a partir da entrada en vigor da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia. Transcorrido este prazo sen que sexa aprobado definitivamente o instrumento de equidistribución, **serán aplicables os límites de edificabilidade establecidos por esta lei para o solo urbano non consolidado**, sendo o ámbito de referencia para a aplicación desta limitación o polígono ou a unidade de execución ou de actuación."*
*Realizadas consultas co servizo de urbanismo da Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas, estimouse que o ámbito debe ser clasificado como **solo urbanizable delimitado**, e proceder a redactar un Plan parcial para o seu desenvolvemento.*
*Por todo isto, para poder desenvolver a unidade de actuación UA 5, resulta preciso realizar unha modificación puntual das N.S.P.M., que conteña a ordenación detallada do ámbito.*
*Calquera modificación do planeamento urbanístico deberá fundamentarse en razóns de interese público debidamente xustificadas encamiñadas á mellora substancial da ordenación urbanística vixente. A xustificación das razóns de interese público, é a pretensión do Concello de Carral da obtención de un gran espazo libre de uso público, para poder trasladar a tradicional Feira de Carral, que actualmente se realiza no viario adxacente ao campo da feira, polo que **se pretende cambiar a tipoloxía edificatoria do ámbito de actuación da UA5 de vivenda unifamiliar a vivenda colectiva, sen aumentar a intensidade de uso.***
*Consta no expediente o documento da MODIFICACIÓN PUNTUAL DAS NORMAS SUBSIDIARIAS DE PLANEAMENTO MUNICIPAL UA-5 EN CARRAL, segundo a documentación que foi elaborada pola empresa NAOS 04 ARQUITECTOS, SLP. e que ven asinada por D. Santiago González García , arquitecto; D. Miguel Porras Gestido, arquitecto; Dna. Paula Costoya Carro, arquitecta; e Dna. Mónica Fernández Garrido, arquitecta, con data setembro 2014.*

*De acordo co artigo 93.4 da Lei 9/2002; o procedemento a seguir será o seguinte:*
*a. Redactarase un anteproxecto de planeamento, como Documento de Inicio que servirá de orientación para a elaboración e avaliación ambiental do plan.*

*b. O concello comunicou ao órgano ambiental o acordo da súa formulación xunto co documento de inicio a que se refire o apartado anterior. O 15.09.2009 o Concello de Carral, remitiu á Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas, o Documento de Inicio da Avaliación estratéxica.*

*c. Recibido no Concello o documento ambiental de referencia, elaborouse a modificación do planeamento e o informe de sustentabilidade ambiental. O 25.11.2009 tivo entrada no Concello de Carral a decisión do órgano ambiental, a cal foi publicada no DOG o 21.12.2009 "Anuncio do 17 de novembro de 2009, da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, polo que se fai pública a Decisión do 16 de novembro de 2009 de **non someter a modificación puntual das normas subsidiarias respecto da unidade de actuación UA-5 do concello de Carral (A Coruña), ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica** establecido na Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente".*

*d. Rematada a fase de elaboración da modificación puntual, e antes da súa aprobación inicial os servizos técnicos e xurídicos municipais emitiron informe respecto da súa conformidade coa lexislación vixente e a calidade técnica da ordenación proxectada, tras o cal o expediente completo foi remitido á persoa titular da Consellería competente en materia de Urbanismo e Ordenación do Territorio. O 10 de xuño*

*de 2014 tivo entrada no Concello con número de rexistro 1776; o informe previo á aprobación inicial asinado pola Secretaria Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, Dna. Encarnación Rivas Díaz. O 25 de setembro de 2014 tivo entrada no Concello con número de rexistro 2738; o informe emitido pola Subdirección Xeral de Xestión do Dominio Público Hidráulico relativo á "Modificación puntual das Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal do concello de CARRAL, no ámbito da unidade de actuación 5"*

*e. O Concello procederá á súa aprobación inicial e, seguidamente, o plan aprobado inicialmente con todos os documentos integrantes do expediente tramitado, incluído o informe de sustentabilidade ambiental, será sometido simultaneamente ás consultas previstas no documento de referencia e ao trámite de información pública durante un prazo de dous meses, mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e en dous dos xornais de maior difusión na provincia. Simultaneamente e durante o mesmo prazo, daráselles audiencia aos municipios limítrofes. Non será precisa a notificación do trámite de información pública ás persoas propietarias de terreos afectados.*

*f. Xa que a modificación puntual incorpora a ordenación detallada do plan parcial tamén se deberá seguir o sinalado no artigo 86 no trámite de exposición publica notificaráselles individualmente a todas as persoas propietarias dos terreos afectados. Para estes efectos, unicamente será obrigatoria a notificación ás persoas titulares que figuren no catastro, debendo figurar a relación na documentación do plan.*

## IV. CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS

### 1_ OBXECTIVOS DE PLANEAMENTO E CRITERIOS DE ORDENACIÓN

*O Concello de Carral, pretende a obtención de un gran espazo libre de uso público, para poder trasladar a tradicional Feira de Carral, que actualmente se realiza no viario adxacente ao campo da feira, polo que se pretende cambiar a tipoloxía edificatoria do ámbito de actuación da UA5 de vivenda unifamiliar a vivenda colectiva, sen aumentar a intensidade de uso.*
*A superficie destinada a espazo público formúlase moi por enriba dos estándares urbanísticos de aplicación e constitúese no elemento máis importante da actuación. Como espazo público novo buscarase a súa adaptación á realidade topográfica existente co obxecto de minimizar os movementos de terra e as actuacións sobre o terreo.*
*A situación da edificación permite esponxar a trama urbana e serve de apoio á grande praza pública, mellorando as condicións urbanísticas existentes na actualidade.*
*O ámbito desenvolverase en dous polígonos de actuación.*
*O primeiro polígono, será o mais próximo ao núcleo urbano, na que se desenvolverán 3 bloques de edificación aberta, e se fixarán os prazos da súa execución como os mais inmediatos.*
*O segundo polígono abrangue a zona norte do ámbito, na que existen 2 vivendas unifamiliares que encóntranse fóra de ordenación. Este segundo polígono non será de desenvolvemento inmediato, de forma que non interfira na necesidade de obter unha gran praza para o Concello.*

### 2_ ANÁLISE DO CONTIDO DA DOCUMENTACIÓN PRESENTADA.

*A documentación presentada componse dos seguintes documentos:*
*1 Memoria*
*2 Determinacións da modificación*
*3 Plan de etapas*
*4 Estudo económico - financeiro*
*5 Planos de información e planos de ordenación.*

### 3_ CARACTERÍSTICAS DA ORDENACIÓN QUE SE PROPÓN.

*Resumo da modificación puntual:*

| | |
|---|---|
| *Superficie total do ambito UA5* | *29.815 m²* |
| *Edificabilidade* | *0,40 m²/m²* |
| *Superficie edificable máxima* | *11.926,0 m²* |

| | |
|---|---|
| Usos | Residencial |
| Tipoloxías | Vivenda en bloque aberto<br>Vivenda de baixa densidade |
| Zonas Verdes | 7.500,0 m² |
| Equipamentos | 4.158,0 m² |

**4_ COMPROBACIÓN DA CONFORMIDADE COA LEGALIDADE.**

Documentación: O Plan Parcial de ordenación do ámbito da UA5, contén as determinacións adecuadas á súa finalidade e inclúen, as determinacións e documentación propias dos plans parciais

| | NORMATIVA | Plan Parcial |
|---|---|---|
| Superficie total do ámbito UA5 | 26.984 m² | 29.815 m² |
| Edificabilidade | 0,40 m²/m² | 0,40 m²/m² |
| Superficie edificable máxima | 11.926,0 m² | 11.926,0 m² |
| Usos | Residencial | Residencial |
| Aproveitamento tipo | | 0,385 m²cutc/m²s |
| Tipoloxías | Vivenda en bloque aberto<br>Vivenda de baixa densidade | Vivenda en bloque aberto<br>Vivenda de baixa densidade |
| Altura máxima bloque aberto | | B+3 (13,10 m) |
| Altura máxima bloque aberto | | B+1 (6,00 m) |
| Zonas Verdes | 2.981,50 m² | 7.500,0 m² |
| Equipamentos | 1.192,60 m² | 4.158,0 m² |
| Prazas de aparcamento | 239 prazas<br>60 en espazo público sobre rasante | > 239 prazas<br>152 en espazo público sobre rasante |
| Vivenda suxeita a protección pública | | 30% (3.577,80 m²) |
| Nº de polígonos de actuación | | 2 |
| Sistema de actuación | | Compensación |

O plan xustifica no punto 1.8.7 da memoria a delimitación de dous polígonos cunha diferenza de aproveitamento inferior ao 15%.
O Plan Parcial xustifica o cumprimento do artigo 47.3 da LOUGA, localizando as reservas de solo para dotacións urbanísticas nos lugares máis adecuados para satisfacer as necesidades da poboación, co fin de asegura-la súa accesibilidade, funcionalidade e integración na estrutura urbanística, de modo que non se localicen en zonas marxinais ou residuais.
O Plan Parcial xustifica no punto 1.9 da memoria o cumprimento das Normas de calidade urbana do artigo 48 da LOUGA.
Efectuase unha proposta de usos pormenorizados dotacionais para a reserva de equipamento, que consiste en destinar o equipamento local previsto aos usos pormenorizados de uso Social – cultural, uso Docente e uso

*Reunión*
*Sistemas xerais: O ámbito non ten sistemas xerais incluídos ou adscritos.*

**5_ MODIFICACIÓNS NO DOCUMENTO DE APROBACIÓN INICIAL**

*Seguindo o sinalado no informe previo á aprobación inicial asinado pola Secretaria Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, se modificou o documento do plan parcial, en concreto*
*Modifícase a posición das árbores que estaban debuxadas sobre as prazas de aparcadoiro, e incorpórase nos planos as dimensións dunhas gabias en cada unha das árbores que se sitúa nas beirarrúas, para dar cumprimento ao punto 2.*
*Substitúense os esquemas para que sexan conformes aos criterios que establece a normativa VIV/561/2010, para dar cumprimento ao punto 3.*
*Inclúese o trazado da rúa ao norte da intervención dentro do ámbito da UA-5. Ao incluír dito trazado auméntase a superficie do ámbito e increméntase a edificabilidade, substitúese a nova edificabilidade en planos e anexos; para dar cumprimento ao punto 4 .*
*Eliminouse do proxecto as referencia a "vivenda de dotación autonómica", para dar cumprimento ao punto 5.*
*Incorporouse no plano de ordenación a clasificación do terreo situado nas traseiras dos bloques destinadas a aparcadoiro enterrado, para dar cumprimento ao punto 6.*
*Incorpórase no artigo 11 do anexo "Determinacións da modificación" no que se designa como sistema o sistema de COOPERACIÓN, este sistema garante a execución o sector do sector a través dunha actuación pública progamada, para dar cumprimento ao punto 7.*
*Establécense prazos en todas as etapas nas que se divide a programación, para dar cumprimento ao punto 8.*
*Incluíronse os informes das empresas subministradoras e dos servizos técnicos municipais, para dar cumprimento ao punto 9.*

**V. CONCLUSIÓNS**

*Por tanto, agás unha opinión mellor fundada á que se someten os técnicos que subscriben este informe, **infórmase favorablemente a tramitación da Modificación puntual das NSPM de Carral no ámbito da UA5, e o órgano competente do Concello pode proceder a súa APROBACIÓN INICIAL.** Logo de dita aprobación inicial o documento será sometido simultaneamente ás consultas previstas no documento de referencia e ao trámite de información pública durante un prazo de dous meses, mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e en dous dos xornais de maior difusión na provincia. Simultaneamente e durante o mesmo prazo, daráselles audiencia aos municipios limítrofes. No trámite de exposición publica notificaráselles individualmente a todas as persoas propietarias dos terreos afectados. Para estes efectos, unicamente será obrigatoria a notificación ás persoas titulares que figuren no catastro, debendo figurar a relación na documentación do plan.*

*É todo canto temos a ben informar.*
*En Carral, o 6 de novembro de 2014."*

Consta, asemade un anexo do 6 de maio de 2015 a tal informe emitido conxuntamente pola técnica de administración xeral do Concello, Dª Sonia Campos Ares, e polo arquitecto D. Félix Quijano Yáñez , que se reproduce a continuación:

***"ANEXO AO INFORME DOS SERVIZOS TÉCNICOS E XURÍDICOS MUNICIPAIS DE CONFORMIDADE COA LEGALIDADE E CALIDADE TÉCNICA DA ORDENACIÓN***

***ASUNTO.***

*Modificación puntual das Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal do Concello de Carral no ámbito da unidade de actuación 5.*

***INFÓRMASE.***

***I. FINALIDADE E ALCANCE DO INFORME.***

*Este informe redáctase co fin de completar o emitido o día 6 de novembro de 2014 por estes servizos técnicos e xurídicos como anexo ao mesmo para a aprobación inicial da modificación puntual das Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal do Concello de Carral.*

***II. NORMATIVA DE APLICACIÓN.***

- ***LOUG.*** *Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e modificacións ata a Lei 2/2010, do 29 de decembro, texto consolidado coas modificacións introducidas polas leis 15/2004, 6/2007, 3/2008, 6/2008, 18/2008, 2/2010, 15/2010, 4/2012, 8/2012 e 9/2013.*
- ***TRLS.*** *Real decreto lexislativo 2/2008, do 20 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo.*
- ***RDU.*** *Decreto 28/1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia.*
- ***NSPM.*** *Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal de Carral (BOP 26.04.1994). Consta na oficina municipal exemplar facilitado pola Secretaría Municipal con dilixencia de aprobación de data 26.01.1994.*
- *Decreto 29/2010, polo que se aproban as Normas de habitabilidade de vivendas de Galicia.*
- *Lei 9/2006, de 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente.*
- *Real decreto 2159/1978, de 23 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Planeamento para o desenvolvemento da Lei sobre réxime do solo e ordenación urbana.*
- *Normas complementarias e subsidiarias de planeamento da Coruña, Lugo Ourense e Pontevedra (Resolución do 14 de maio do 1991, Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas).*

***III. CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS***

***Anexo ao apartado 05_ MODIFICACIÓNS NO DOCUMENTO DE APROBACIÓN INICIAL***

*Emitido informe o 12 de setembro de 2014 (RE 2738 do 25 se setembro de 2014) pola Subdirección Xeral de Xestión do Dominio Público Hidráulico (Augas de Galicia) e seguindo o sinalado en dito informe, previo á aprobacón inicial para a modificación puntual das NNSS de planeamento municipal UA-5, acompáñase á documentación existente plano no que se recolle que as actuacións se desenvolven en zona de policía dun regato sen denominación reflectindo a súa situación con respecto ao ámbito.*

***Anexo ao punto V. CONCLUSIÓNS***

*Logo da aprobación inicial o documento será sometido ás consultas previstas e ao trámite de información pública durante un prazo de dous meses mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e en dous dos xornais de maior difusión na provincia. Así mesmo, remitiráselle comunicación aos seguintes organismos:*

- *Ministerio de Fomento, respecto das servidumes aeronáuticas relacionadas coa seguridade dos movementos das aeronaves do Aeroporto de Alvedro (A Coruña)*
- *Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas.*
- *Deputación Provincial da Coruña.*
- *Ente público Augas de Galicia.*

CONCELLO DE CARRAL SECRETARÍA CORUÑA

*Simultaneamente, e durante o mesmo prazo, daráselles audiencia aos municipios limítrofes (Culleredo, Cambre, Abegondo, Ordes e Cerceda) e no trámite de exposición pública notificaráselles individualmente a todas as persoas propietarias dos terreos afectados que aparecen recollidas no plano 04 "Estructura de la propiedad. Planos de Información" do proxecto redactado ao efecto por Naos 04 Arquitectos S.L.P de data setembro de 2014.*

*É todo canto temos a ben informar.*

*Carral, 6 de maio de 2015."*

*Logo de ver os devanditos antecedentes e en uso das atribucións que me confere o artigo 21.1 a), c) e d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL en adiante ), e 80 e 82 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamiento e réxime xurídico das entidades locais, previo ditame da comisión informativa correspondente, e informe da Secretaría do Concello,* **PROPOÑO AO PLENO DO CONCELLO** *,coma órgano competente na materia (segundo o establecido no artigo 22.2.c) LRBRL ) que adopte , segundo o establecido no texto vixente da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, os seguintes*

**ACORDOS**

***1).-*** *Aprobar inicialmente a modificación das Normas Subsidiarias Municipais de Carral nos termos que constan no expediente, e segundo o documento "Modificación puntual de las normas subsidiarias de planeamiento municipal UA-5 en Carral", na súa versión datada en setembro de 2014, elaborado por Naos 04 Arquitectos, SL.P., coa seguinte finalidade indicada na súa memoria: "Con el presente proyecto se pretende plantear la modificación puntual de las Normas Subsidiarias de Planeamiento Urbanístico del Municipio de Carral en la unidad de ejecución UA-5. Las normas subsidiarias vigentes clasifican el suelo como urbano, para adaptarse a la LOUG se tendrá en cuenta como suelo urbanizable delimitado. Se variará la tipología edificatoria añadiendo a la de residencial de baja densidad a edificación de bloque abierto. Además pretende ordenar la unidad UA-5 distribuyendo la edificabilidad y las áreas libres".*

***2).-*** *Abrir un período de información pública durante dous meses, mediante anuncios no taboleiro de edictos do Concello, no Diario Oficial de Galicia e en dous dos xornais de maior difusión na Provincia, e mediante notificación individual a todas as persoas propietarias dos terreos afectados ( persoas titulares que figuren no Catastro) que aparecen recollidas no plano 04 "Estructura de la propiedad. Planos de Información" do proxecto redactado ao efecto por Naos 04 Arquitectos S.L.P de data setembro de 2014*

*Durante o devandito período quedará o expediente a disposición de calquera persoa que queira examinalo para que se presenten as alegacións que se estimen pertinentes.*

***3).-***  *Este acordo de aprobación inicial determinará, por si so, a suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas no ámbito do territorio obxecto de tal planeamento, cuxas novas determinacións supoñen a modificación da ordenación urbanística vixente, segundo o establecido no artigo 77 da LOUGA e cos efectos indicados nel. A suspensión determinada pola aprobación inicial terá unha duración máxima de dous anos a contar da devandita aprobación e en calquera caso extinguirase coa aprobación definitiva do plan. Esta suspensión publicarase conxuntamente coa da aprobación inicial.*

***4).-** Dar audiencia aos concellos limítrofes (Culleredo, Cambre, Abegondo, Ordes e Cerceda), simultaneamente e durante o mesmo prazo da información pública, e someter a modificación ás consultas previstas no documento de referencia*

***5).-** Solicitar ás Administracións Públicas competentes os seguintes informes previstos pola Lexislación sectorial do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia:*

- *Ministerio de Fomento, respecto das servidumes aeronáuticas relacionadas coa seguridade dos movementos das aeronaves do Aeroporto de Alvedro (A Coruña)*
- *Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas.*
- *Deputación Provincial da Coruña.*
- *Ente público Augas de Galicia."*

No expediente consta o informe da Secretaría do Concello 5/2015, do 8 de maio de 2015.

A comisión informativa permanente de asuntos xerais do Pleno, emitiu na súa sesión ordinaria do 27 de xullo de 2015 ditame favorable á proposta,en votación ordinaria, por cinco votos a favor dos/as señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PP, fronte a tres votos en contra dos/as señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, e a abstención do señor concelleiro do grupo mixto (ACC/SON).

**DEBATE**

O señor Bergondo Trillo (voceiro do grupo municipal mixto-ACC/SON) dá lectura á súa intervención e solicita a súa transcrición literal na acta, para o cal facilita a súa transcrición en formato dixital, como segue:

*"O Alcalde falou na comisión da necesidade de espazos públicos e zonas verdes, claro que son benvidos, pero ¿non resultaría máis coherente centrar os esforzos primeiro, en recuperar os espazos verdes xa desenvolvidos no Concello é que están en un estado lamentable pola falta de mantemento? ¿Non sería máis favorable para o ben común que o goberno municipal priorizase as súas actuacións segundo ás necesidades da veciñanza, para destinar os escasos recursos do Concello no que de verdade importa? Ao fin ao cabo o que define aos bos gobernantes dos mediocres é o seu nivel de acerto en canto a priorización de actuacións.*

*- Durante o debate da comisión o alcalde discrepou sobre a afirmación de que había moitas vivendas baleiras en Carral, de feito afirmou textualmente que "todas las viviendas que tienen toda la documentación en regla se todas se están vendiendo y vendiendose ademas muy bien. No hai ahora mismo oferta de viviendas." É dicir o Sr. Mouriño fixo un alegato de apoio aos seus amigos os promotores e as políticas que desenvolveu durante está última década que converteron o noso concello nun cemiterio de formigón. Esta claro que o alcalde segue a apostar polo ladrillo e o formigón, precisamente un dos sectores que nos levaron á crise e a ruína económica. Polo contrario, a Asemblea Cidadá de Carral pula pola promoción do cambio do modelo produtivo local cara un máis sostible. En lugar de construír máis vivendas baixo o pretexto de acadar máis zonas verdes, apostamos por reparar, reutilizar e manter os espazos públicos existentes. Non como vostede, que pretende crear novos espazos a pesares de ser consciente de que se degradarán rapidamente por falta de fondos para mantelos. Porque canto máis se constrúe, máis hai que manter o que supón gastar máis cartos ¿Sr. Mouriño aínda non deu aprendido a lección? Pois xa ten no Concello na ruína e intervido.*

*- Por outra banda, cando se pregunta na comisión, porque non se aproveita xa o plan xeral, o técnico contesta "eso que te conteste el alcalde mejor que yo". O que é un claro indicador de que non se debe a criterios técnicos, senón que é unha decisión política. É dicir que ao alcalde entráronlle as presas por desenvolver este polígono nestes últimos meses, e prefire poñer un remendo ao vello PXOM, en lugar de facer as cousas como corresponden, a través dunha actuación urbanística coherente e compacta mediante o novo plan xeral.*

*Gustaríame coñecer que motivos se esconden tras estas presas, xa tentou aprobalo cun pleno extraordinario en plena campaña ante a posibilidade de perder a maioría, pero o malestar que xerou esta actitude cando a Asemblea Cidadá de Carral o denunciou publicamente, recuou. Mais agora vostede volve á carga para sacar adiante un proxecto que leva 7 anos no caixón, que intereses cambiaron, os da cidadanía desde logo que non porque, neste momento hai un cento de actuacións moito máis importantes e que deberían ser a prioridade do Concello e non unha recalificación de terreos, onde parece prevalecer os intereses privados coa especulación do ladrillo, sobre os públicos da construción da praza e os aparcadoiros. Non hai que ser moi mal pensado para imaxinarse que se está a fraguar un novo pelotazo urbanístico, dos que xa nos teñen acostumados nesta última década de desgoberno.*

*- Ademais esta actuación pode afundir economicamente ao Concello de xeito definitivo. Segundo consta no estudo desenvolvido por NAOS 4 ARQUITECTOS que se achega ao expediente, o custe das obras de urbanización superan os 2,4 millóns de euros ao que hai que sumar as indemnizacións, os documentos técnicos necesarios, as direccións de obras, ademais dos habituais sobrecustes. É dicir estamos a falar dunha actuación que superará os 3 millóns de euros, a metade do orzamento completo de Carral. Un importe que ten que adiantar o Concello, que irá pagando por unidades de obra executada e posteriormente xira cotas de urbanización aos promotores para que estes as paguen. ¿Que pasa si os promotores non pagan ou se declaran insolventes? Pois que o Concello terá que facerse cargo deses cartos. E ¿como o vai facer? si non hai remanente de tesourería porque estamos arruinados e a vostede, Sr. Mouriño, non hai banco que lle preste porque son coñecedores da situación económica do Concello. Como pode observar non temos moita confianza na súa xestión, porque non é a primeira vez que algúns empresarios non paguen as súas obrigacións co Concello, e vostede non fai absolutamente nada, como recoñece o informe financeiro que acompaña aos orzamentos do 2015 que leva tempo sen liquidar as taxas por ocupación de solo e subsolo de canalizacións de empresas subministradoras.*

*– Pero é que ademais a actuación afectará negativamente a economía local, principalmente a comercio e hostalaría local, xa que o que vostede pretende trasladar a feira de Carral á nova praza construída, afastándoa da zona céntrica onde hai múltiples negocios que se beneficiaban da afluencia de público a feira, retroalimentándose cos propios postos dos feirantes. Ao estar no centro, a xente ten que aparcar polo pobo e camiñar un anaco pasando a través das tendas ou bares nos que pode parar e picar algo, é dicir consumir. Ao pasar a feira aí atrás, a xente que vaia a ela iria pola rúa Manuel méndez Búa, aparcando alí, marchando sen acercarse o centro e picar no comerico e hostalaría local. A feira primeiro estivo na chamada praza da feira campo da feira, logo pola estrada e agora ahi detrás, ¿imos ter mais cambios de ubicación?, ¿a próxima vai ser no Xalo? Pois que saiba vostede que dende a Asemblea Cidadá de Carral, non so imos pular para que non se leve a feira ao extrarradio, senón que loitaremos porque volva a onde sempre tivo que estar, no campo da feira diante da casa do concello.".*

O señor Couto López (grupo municipal do PSdeG-PSOE) indica que esta modificación xa se tentou aprobar no periodo electoral e estando en tramitación o PXOM, e que afecta á finca onde se facía a festa dos cabalos. Explica que xa se corrixiu a proposta en canto ao sistema de execución elixido, que é o de cooperación, e que consiste en que os propietarios realicen as cesións obrigatorias e a Administración executa a urbanización con cargo aos propietarios. Manifesta que está a favor da creación de solo público, mais non a calquera prezo, pois coida que hai que falar cos propietarios dos terreos e pregunta se se fixo neste caso. Explica que na 1ª fase preténdese facer bloques con baixo, tres andares e baixo cuberta e unha praza duns 7.500 m2, cun custe duns 2 millóns de euros, o que suporá un custe duns 90€/m2 para os propietarios (así, por exemplo, a 1.000 metros corresponderanlles 90.000 €). Coida que non é o momento dunha actuación así, pois hai centos de vivendas baleiras. Asemade, considera fundamental saber se os propietarios van poder pagar, e opina que se vai xerar unha campa con calidade urbanística moi baixa, na súa opinión, coma todo Carral, que está "*feito un asco*", deteriorado e sen mantemento. Así, coida que voltar apostar por bloques é unha equivocación brutal, que se xeran unha s cargas moi importantes para os propietarios, e que non se pode "*vender a moto*" da creación de novas zonas verdes, cando as que hai están abandonadas (coma, por exemplo, os muíños do Batán,cheos de vexetación). Por último, pregunta se o equipo de goberno falou cos veciños afectados e se saben o custe, e se van desenvolver a actuación ata o final ou só van facer unha campa con zahorra.

O señor Alcalde resposta que a actuación proposta non se trata dun "*pelotazo*", pois busca acadar solo público para o goce dos veciños e para ampliar a feira, xa que hai solicitantes de espazos que están limitados. Lembra que hai anos se iniciou o expediente para convertir o Campo da Feira nun punto de encontro para os veciños e que, a pesar de que ao principio houbo queixas pola falta de espazo para aparcar, a maioría da poboación está agora satisfeita de que estea como está. Engade que as feiras dos días 4, 13 e derradeiro domingo de cada mes son un punto de encontro para a comarca, e que hai que atopar alternativas para que siga a medrar. Ademais, opina que debería haber un espazo público para poder acoller un circo, coma no Burgo, ou verbenas e macroconcertos, e que se propón crear un duns 11.000 m2, equivalentes a uns tres campos da feira, mediante o sistema de cooperación. Engade que en 1993 se aprobaron as normas subsidiarias con 5 unidades de actuación, das que a UA1 está desenvolvida, a UA3 está planteada e hai que desenvolver a UA5. Opina que, para iso, hai que dar facilidades aos propietarios, e que o planteamento do 93, de chalés pareados e adosados con baixa densidade é agora menos viable que a construción de tres bloques, acordes cos que hai en fronte. Coida que así se fai un favor aos propietarios e o Concello obtén un beneficio con 10.800 m2 de terreo público do que dispor. Engade que o expediente se iniciou en 2008 con todos os informes favorables da Xunta, Augas de Galicia, e que haberá que facer o reparto de cargas e beneficios e oproxecto de urbanización. Asemade, indica que os veciños lles deron a súa confianza coa maioría absoluta e que, cando a actuación estea rematada, lles darán a razón, igual que pasou co Campo da Feira. Opina que algúns non queren que medre Carral , e indica que o equipo de goberno quere conseguir espazo público do xeito máis rápido posible, mediante as cesións e urbanización co consenso coa maioría dos propietarios, pois é difícil poñer a todos de acordo. Engade que, se algún está a disgusto, terá que adaptarse ao que establece a lei.

O señor Bergondo Trillo pregunta se non hai unanimidade dos propietarios, ou se non falou con eles. Opina que canto máis solo público haxa, mellor, mais non sabe por que se han de facer bloques. Opina que na feira hai ocos e que os circos se instalan sobre terra, onde se poden facer buratos, polo que a praza que se faga vai ter que furarse. Indica que xa pasaron 22 anos dende 1993 e que aínda están sen rematar as unidades de actuación, e engade que se se pretende facer edificios coma os que hai arredor, os que están en fronte son esqueletes de edificios.

O señor Couto López replica que o señor Alcalde non contestou se falou cos propietarios, que teñen dereitos. Opina que, aínda que no 93 se apostou por unha edificación de baixa densidade na zona, agora se segue a apostar por un fracaso e que, coma mostra diso está outra unidade de actuación, a que está detrás da cervexaría, en ruina e con perigo.Engade que en toda España e en carral non se vende nin unha soa vivenda, e que os bancos están "*tirando*" os prezos. Indica que, se el tivese na zona afectada un terreo de 1000 m2 estaría moi enfadado, pois estaría obrigado a pagar uns 90€/m2 a cambio dunha edificabilidade que non será rendible en 15 ou 20 anos. Indica que falou con algún dos propietarios, que lle comunicou que o Alcalde non falou con el ao respecto, e que non está a favor da actuación. Coida que falta transparencia na actuación, e que se está a "tirar polo medio" sen saber onde imos, con veciños prexudicados. Por último, pide ao Alcalde que clarexe o que vai facer, unha urbanización ou unha campa con zahorra.

O señor Alcalde indica que no 93 as normas subsidiarias se aprobaron cando el non era alcalde e gobernaba o PSOE. Indica diversos parámetros propostos para a UA5 que, en conclusión, conlevarían a edificación de vivendas con baixo e tres andares e unha altura máxima de 13,10 m, o que permitiría pasar de 2.981 m2 de zona verde a 7.500 m2 e de 1.590 m2 de equipamentos a 4.158 m2. Engade que non só miran polo interese xeral e polo beneficio do Concello, pois por suposto tamén pensan nos veciños, aos que lles darán a oportunidade de acadar soares no que só segurían sendo leiras. Engade que a decisión que se adopte polo Pleno hoxe se comunicará aos veciños, e someterase a exposición pública, e que o expediente se traerá de novo ao Pleno. Conclúe indicando que o Alcalde e o seu equipo mirarán polo interese xeral e non interrumpirá o desenvolvemento de Carral pola oposición de tres ou catro veciños.

**VOTACIÓN E ACORDOS**

Sometida a votación, o Pleno aproba a proposta, en votación ordinaria, por sete votos a favor dos/as señores/as Concelleiros/as do grupo municipal do PP, fronte a seis votos en contra dos/as señores/as concelleiros/as dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e mixto (ACC-SON), adoptando os seguintes acordos:

**1).-** Aprobar inicialmente a modificación das Normas Subsidiarias Municipais de Carral nos termos que constan no expediente, e segundo o documento "Modificación puntual de las normas subsidiarias de planeamiento municipal UA-5 en Carral", na súa versión datada en setembro de 2014, elaborado por Naos 04 Arquitectos, SL.P., coa seguinte finalidade indicada na súa memoria: "Con el presente proyecto se pretende plantear la modificación puntual de las Normas Subsidiarias de Planeamiento Urbanístico del Municipio de Carral en la unidad de ejecución UA-5. Las normas subsidiarias vigentes clasifican el suelo como urbano, para adaptarse a la LOUG se tendrá en cuenta como suelo urbanizable delimitado. Se variará la tipología edificatoria añadiendo a la de residencial de baja densidad a edificación de bloque abierto. Además pretende ordenar la unidad UA-5 distribuyendo la edificabilidad y las áreas libres".

**2).-** Abrir un período de información pública durante dous meses, mediante anuncios no taboleiro de edictos do Concello, no Diario Oficial de Galicia e en dous dos xornais de maior difusión na Provincia, e mediante notificación individual a todas as persoas propietarias dos terreos afectados ( persoas titulares que figuren no Catastro) que aparecen recollidas no plano 04 "Estructura de la propiedad. Planos de Información" do proxecto redactado ao efecto por Naos 04 Arquitectos. S.L.P de data setembro de 2014

Durante o devandito período quedará o expediente a disposición de calquera persoa que queira examinalo para que se presenten as alegacións que se estimen pertinentes.

**3).**-Este acordo de aprobación inicial determinará, por si so, a suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas no ámbito do territorio obxecto de tal planeamento, cuxas novas determinacións supoñen a modificación da ordenación urbanística vixente, segundo o establecido no artigo 77 da LOUGA e cos efectos indicados nel. A suspensión determinada pola aprobación inicial terá unha duración máxima de dous anos a contar da devandita aprobación e en calquera caso extinguirase coa aprobación definitiva do plan. Esta suspensión publicarase conxuntamente coa da aprobación inicial.

**4).**- Dar audiencia aos concellos limítrofes (Culleredo, Cambre, Abegondo, Ordes e Cerceda), simultaneamente e durante o mesmo prazo da información pública, e someter a modificación ás consultas previstas no documento de referencia

**5).**- Solicitar ás Administracións Públicas competentes os seguintes informes previstos pola Lexislación sectorial do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia:

- Ministerio de Fomento, respecto das servidumes aeronáuticas relacionadas coa seguridade dos movementos das aeronaves do Aeroporto de Alvedro (A Coruña)
- Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas.
- Deputación Provincial da Coruña.
- Ente público Augas de Galicia.

**<u>PARTE DA SESIÓN DE CONTROL DOS DEMAIS ÓRGANOS DA CORPORACIÓN</u>**

**4.-DACIÓN DE CONTA DE ESCRITOS DOS/AS VOCEIROS DOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS SOBRE ADSCRICIÓN DOS/AS SEUS/SÚAS REPRESENTANTES EN CADA COMISIÓN INFORMATIVA.**

Mediante acordos plenarios do 9 de xullo de 2015 creáronse, de acordo co establecido nos artigos 66 a 68 da Lei 5/1997, de 22 de xuño, de Administración Local de Galicia (LALGA en adiante) e 124.2 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROF en adiante), a Comisión informativa permanente de asuntos xerais do Pleno do Concello de Carral e a Comisión especial de contas do Concello de Carral..

**1.**- Conforme ao preceptuado nos artigos 68.5 LALGA e 125 c) ROF, a adscrición dos compoñentes de cada grupo municipal á Comisión Informativa permanente de asuntos xerais do Pleno, realizouse mediante os seguintes escritos:

-Escrito da Señora voceira do grupo municipal do PP, Dª Florinda Duarte Gerpe, con entrada no rexistro xeral do Concello o 20 de xullo de 2015 (nº 1.829), adscribindo a esta comisión informativa aos seus membros seguintes:

1ª titular: José Luis Fernández Mouriño (presidente)
2º titular: Florinda Duarte Gerpe
3º titular: José Manuel Montes Martínez
4º titular: Alfonso García González
5º titular: Margarita Ramilo Varela

1º suplente: Carlos Barbeito Rey
2º suplente: Rubén Regueira Moar

-Escrito do Señor voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, D. Pablo Couto López, con entrada no rexistro xeral do Concello o 20 de xullo de 2015 (nº 1.824), adscribindo a esta comisión informativa aos seus membros seguintes:

1ª titular: Pablo Couto López
2º titular: Jesús Cetina Mochales
3º titular: Patricia Blanco Fidalgo

(No escrito non se designan suplentes)

-Escrito do Señor voceiro do grupo municipal mixto (ACC-SON), D. César Manuel Bergondo Trillo, con entrada no rexistro xeral do Concello o 9 de xullo de 2015 (nº 1.754), adscribindo a esta comisión informativa ao seu único membro:

-César Manuel Bergondo Trillo .

**2.-** Conforme ao preceptuado nos artigos 68.5 LALGA e 125 c) ROF, a adscrición dos compoñentes de cada grupo municipal á Comisión Especial de Contas do Concello de Carral, realizouse mediante os seguintes escritos:

-Escrito da Señora voceira do grupo municipal do PP, Dª Florinda Duarte Gerpe, con entrada no rexistro xeral do Concello o 20 de xullo de 2015 (nº 1.829), adscribindo a esta comisión informativa aos seus membros seguintes:

1ª titular: José Luis Fernández Mouriño (presidente)
2º titular: Florinda Duarte Gerpe
3º titular: José Manuel Montes Martínez
4º titular: Alfonso García González
5º titular: Margarita Ramilo Varela

1º suplente: Carlos Barbeito Rey
2º suplente: Rubén Regueira Moar

-Escrito do Señor voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, D. Pablo Couto López, con entrada no rexistro xeral do Concello o 20 de xullo de 2015 (nº 1.824), adscribindo a esta comisión informativa aos seus membros seguintes:

1ª titular: Pablo Couto López
2º titular: Jesús Cetina Mochales
3º titular: Patricia Blanco Fidalgo

(No escrito non se designan suplentes)

-Escrito do Señor voceiro do grupo municipal mixto (ACC-SON), D. César Manuel Bergondo Trillo, con entrada no rexistro xeral do Concello o 9 de xullo de 2015 (nº 1.753), adscribindo a esta comisión informativa ao seu único membro:

-César Manuel Bergondo Trillo .

**5.- DACIÓN DE CONTA DE DECRETOS DA ALCALDÍA E, NO SEU CASO, DE REPAROS DA INTERVENCIÓN DO CONCELLO.**

O señor Alcalde expón que os/as señores/as membros da Corporación tiveron á súa disposición os seguintes decretos ditados por el entre o 15 de xuño de 2015 e o 27 de xullo de 2015 (dende o inicio do presente mandato 2015-2019, até a convocatoria da presente sesión plenaria), dos que se deu conta ao Pleno. Asemade, dáse conta de tres reparos suspensivos da Intervención do Concello, e das tres resolucións (nº 260, 282, e 331/2015 ) adoptadas pola Alcaldía contrarias a aqueles, polos motivos que nelas se indican, en cumprimento do establecido no artigo 218 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, na súa redacción outorgada polo artigo 2.3 da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.

| Nº | DATA | ASUNTO |
|---|---|---|
| 257 | 15/06/2015 | Autorización de pagamento a xustificar 16/2015. |
| 258 | 15/06/2015 | Axudas odontolóxicas, oftalmolóxicas e de estudos persoal do Concello (xaneiro a xuño de 2015). |
| 259 | 16/06/2015 | Recoñecemento da obriga e pagamento de relación de facturas propostas pola Alcaldía o 15 de xuño de 2015, por importe de 169.606,30€. |
| 260 | 16/06/2015 | Levantamento de reparo suspensivo 11/2015, emitido no tocante ao recoñecemento da obriga de relación de facturas propostas pola Alcaldía o 15 de xuño de 2015, por importe de 46.260,02€. |
| 261 | 16/06/2015 | Aprobación de asignacións a concelleiros/as por asistencia a órganos colexiados (maio-xuño 2015) |
| 262 | 16/06/2015 | Aprobación de cota correspondente ao Concello de Carral do programa "Xantar na Casa" (xaneiro-marzo 2015) |
| 263 | 17/06/2015 | Comunicación de accidentalidade da Secretaría do Concello por ausencia do titular por vacacións entre os días 18 e 19 de xuño de 2015 |
| 264 | 22/06/2015 | Xustificación de pagamento a xustificar 14/2015 |
| 265 | 22/06/2015 | Xustificación de pagamento a xustificar 15/2015 |
| 266 | 22/06/2015 | Estimación solicitude devolución de ingresos indebidos (devolución ICIO por non realización da obra obxecto do imposto) a instancia de D. José Manuel Montes Martínez (DNI: 76317382R) |
| 267 | 22/06/2015 | Aprobación certificación nº 1 e derradeira da obra *"Adecuación de varios viais municipais no concello de Carral"*, financiada parcialmente mediante unha subvención da Axencia Galega de desenvolvemento Rural (Agader), concedida ao abeiro da convocatoria efectuada por medio da resolución do 20 de novembro de 2014 pola que se aproba o Plan marco Programa de mellora de camiños de titularidade municipal 2014-2015, no marco do PDR de Galicia 2007-2013. |
| 268 | 22/06/2015 | Aprobación certificación nº 3 da obra *"Reforma de local social para Casa da xuventude"* ao abeiro do convenio de colaboración asinado o 27 de decembro de 2013 entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Carral para o financiamento da obra. |
| 269 | 22/06/2015 | Aprobación certificación nº 3 da obra *"Vestiarios Campo de Fútbol Os Capelos"* ao abeiro do convenio de colaboración asinado o 8 de outubro de 2013 entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Carral para o financiamento da obra. |
| 270 | 22/06/2015 | Aprobación certificación nº 4 da obra *"Vestiarios Campo de Fútbol Os Capelos"* ao abeiro do convenio de colaboración asinado o 8 de outubro de 2013 entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Carral para o financiamento da obra. |

| | | |
|---|---|---|
| 271 | 22/06/2015 | Incoación expediente orde execución limpeza finca Dª. Emilia Rodríguez Eirís (EXP. LP 27/15) |
| 272 | 23/06/2015 | Xustificación de pagamento a xustificar 16/2015 |
| 273 | 23/06/2015 | Incoación expediente orde execución limpeza finca D José Gabriel Sánchez López (EXP. LP 28/15) |
| 274 | 23/06/2015 | Comunicación de accidentalidade da Secretaría do Concello por ausencia do titular por permiso por traslado de domicilio (artigo 109,1 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia) durante o día 26 de xuño de 2015. |
| 275 | 23/06/2015 | Solicitude de D Iván Bermúdez González de legalización de obra maior de andar semisoto en vivenda unifamiliar sita na Rúa da Chousa, Santo Estevo de Paleo. |
| 276 | 23/06/2015 | Solicitude de D. Luis Trigo Miranda de licenza de obra maior para a construción dunha nave industrial adicada a almacén e taller de reparación de automóbiles, nas parcelas agrupadas 581, 601 e 601bis do Polígono Industrial dos Capelos. Santo Estevo de Paleo (Carral) |
| 277 | 23/06/2015 | Solicitude de D. Juan Arana Cudeiro de licenza de primeira ocupación de vivenda unifamiliar sita no lugar da Igrexa de San Vicente, 11-C, San Vicente de Vigo. |
| 278 | 23/06/2015 | Toma de coñecemento de comunicación previa de Dª. María del Carmen Brandariz Lousa de obra menor para cambio de cuberta, aislamento de paredes e varios da vivenda sita no Quenllo nº 5A, Santo Estevo de Paleo. |
| 279 | 23/06/2015 | Toma de coñecemento de comunicación previa de D. José Manuel Rodríguez Lameiro de obra menor para colocación de 45 columnas en peche (altura máxima de 1,5 m) de finca sita en Balbén nº 20, San Vicente de Vigo. |
| 280 | 23/06/2015 | Resolución de inicio procedementos sancionadores de tráfico. |
| 281 | 25/06/2015 | Autorización de pagamento a xustificar 17/2015. |
| 282 | 25/06/2015 | Aprobación nóminas de xuño de 2015 (ordinarias e extraordinarias), previo levantamento do reparo suspensivo da Intervención do Concello 12/2015 |
| 283 | 29/06/2015 | Autorización de pagamento a xustificar 18/2015. |
| 284 | 29/06/2015 | Toma de coñecemento de comunicación previa de D. Conchado Regueiro Doldán de obra menor para reparación de tellado en galón sito en Coiro nº 4, Santo Estevo de Paleo. |
| 285 | 29/06/2015 | Toma de coñecemento de comunicación previa de Dª. Dolores Martínez Taibo, e/r da comunidade de propietrios da Costa do Pincho nº 43, de obra menor para pintado de fachada do edificio sito na Costa do Pincho nº 43, Santo Estevo de Paleo. |
| 286 | 29/06/2015 | Toma de coñecemento de comunicación previa de Dª. María del Pilar García de la Torre, de obra menor para reparación de tellado e pintado de fachada de vivenda sita na Tarroeira, nº 46, San Martiño de Tabeaio. |
| 287 | 29/06/2015 | Toma de coñecemento de comunicación previa de D. José Suárez García (e/r Vitureira Bouzas, S.L), de obra menor para reparación de vivenda sita en Ameás, nº 45, San Vicente de Vigo. |
| 288 | 29/06/2015 | Toma de coñecemento de comunicación previa de Dª. María Luisa Corral Rodríguez, de obra menor para construción de peche (altura máxima 1,5 m) de finca sita na Calle, nº 28, San Xulián de Sergude. |
| 289 | 30/06/2015 | Toma de coñecemento de comunicación previa de Dª. María Elena Regueiro Varela, de obra menor para colocación de arqueta en saída de sumidoiro en finca sita en Reboredo, nº 23, Santo Estevo de Paleo. |
| 290 | 30/06/2015 | Toma de coñecemento de comunicación previa de D. Jesús Carro Manteiga, de obra menor para construción de peche (longo 28 m, altura máxima 1,5 m) sita na Calle, nº 4, San Xulián de Sergude. |
| 291 | 30/06/2015 | Toma de coñecemento de comunicación previa de D. Luis López Longueira, de obra menor para modificación de entrada en finca sita na Abrigosa, nº 10, San Vicente de Vigo. |
| 292 | 01/07/2015 | Solicitude de D. Iván Bermúdez González, de licenza de primeira ocupación de vivenda unifamiliar sita en A Chousa, nº 6, Santo Estevo de Paleo. |
| 293 | 03/07/2015 | Incoación de expediente de reposición da legalidade urbanística (Obras de edificación con aparente uso de vivenda, na rúa Toro, 12, urbanización O Castelo, sen a preceptiva licenza municipal. Presuntos promotores:). |
| 294 | 06/07/2015 | Xunta de Goberno Local; designación de membros, réxime de sesións e delegación de |

| | | |
|---|---|---|
| | | atribucións da Alcaldía. |
| 295 | 06/07/2015 | Designación de Tenentes de Alcalde |
| 296 | 06/07/2015 | Delegación pola Alcaldía de áreas de goberno municipal en Concelleiros/as-Delegados/as. |
| 297 | 06/07/2015 | Convocatoria Pleno 2/2015 (Mandato 2015-2019), extraordinaria (09/07/2015). |
| 298 | 06/07/2015 | Liquidación de taxa por aboamentos complexo deportivo (xullo de 2015) |
| 299 | 06/07/2015 | Iniciación do expediente de contratación da obra *"Intersección con carril central na N-550 para acceso a IES (Carral)"*, ao abeiro do convenio de colaboración asinado o 4 de maio de 2015 entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Carral para o financiamento da obra. |
| 300 | 07/07/2015 | Toma de coñecemento de comunicación previa de D. Manuel Ares Gómez de obra menor para encintado de fachada en vivenda sita na R/ Cura Pereiro, 12, Santo Estevo de Paleo. |
| 301 | 07/07/2015 | Toma de coñecemento de comunicación previa de D. José Ángel Sánchez Calvo de obra menor para alicatado de cociña e baño en vivenda sita na Tarroeira, 22, San Martiño de Tabeaio. |
| 302 | 07/07/2015 | Toma de coñecemento de comunicación previa de D. Plácido Ríos Fachal de obra menor para pintado de fachada e cambio de cuberta, e colocación de estadas para a realización das devanditas obras, en vivenda sita na R/ Francisco Javier Alvajar, 5, Santo Estevo de Paleo. |
| 303 | 07/07/2015 | Toma de coñecemento de comunicación previa de D. Jesús Naveira Portas de obra menor para construción de peche de finca (30 m. longo e 1,5 m alto máximo) sita en Salgueiras, San Martiño de Tabeaio. |
| 304 | 07/07/2015 | Corrección de erro material no decreto da Alcaldía 185/2015, do 21 de maio de 2015, referente á solicitude de Dª. María del Carmen García Fiaño de licenza de obra maior para a contrución dun local para almacenaxe e embalaxe de prantas de viveiro para a súa comercialización, lo lugar de Beira, 19- Santa Mariña de Beira. |
| 305 | 07/07/2015 | Autorización para a transmisión da licenza de taxi nº 6 do Concello de Carral de Don José Mosquera Candal (32385286K) a favor de Don Pablo Mosquera Barbeito (53305276Q). |
| 306 | 08/07/2015 | Recoñecemento da obriga e pagamento factura 42/30-6-2015 Rebeca Rivera Sar. |
| 307 | 08/07/2015 | Resolución de inicio procedementos sancionadores de tráfico. |
| 308 | 08/07/2015 | Xustificación de pagamento a xustificar 13/2015 |
| 309 | 08/07/2015 | Xustificación de pagamento a xustificar 17/2015 |
| 310 | 08/07/2015 | Xustificación de pagamento a xustificar 18/2015 |
| 311 | 08/07/2015 | Remisión do proxecto do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) do Concello de Carral á Consellaria de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras da Xunta de Galicia para o seu informe (art. 85.1 Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia) e solicitude de informes sectoriais preceptivos co anterioridade á aprobación inicial do PXOM. |
| 312 | 09/07/2015 | Toma de coñecemento de comunicación previa de Dª. María Consolación Vázquez Pérez de obra menor para proxectado interior de poliuretano e colocación de tella en tellado de vivenda sita na R/ Cortaduría, 3, Santo Estevo de Paleo. |
| 313 | 09/07/2015 | Toma de coñecemento de comunicación previa de D. Manuel Bello Costa de obra menor para reparación de tellado de vivenda sita en Reboredo, 18, Santo Estevo de Paleo. |
| 314 | 09/07/2015 | Toma de coñecemento de comunicación previa de D. Pablo Alonso Gómez de obra menor para conservación de peche existente e construción de soleira en vivenda sita en A Calle, 2A, San Xulián de Sergude. |
| 315 | 09/07/2015 | Toma de coñecemento de comunicación previa de D. José Antonio Gómez Muiño de obra menor para construción de rampa de acceso a parcela sita en O Coto, San Martiño de Tabeaio. |
| 316 | 10/07/2015 | Toma de coñecemento de comunicación previa de D. José Antonio Fernández Amaro (e/r Unión Fenosa Distribución, S.A.) de obra menor para subministración de enerxía eléctrica a unha vivenda sita no lugar da Aspra, 3, San Martiño de Tabeaio. |
| 317 | 10/07/2015 | Toma de coñecemento de comunicación previa de Dª. Gemma María Fidalgo Pintor de obra menor para construción e colocación de columna destinada a contador de luz/auga en parcela sita no lugar de Pedreiro, Santo Estevo de Paleo. |
| 318 | 10/07/2015 | Toma de coñecemento de comunicación previa de D. Raúl García Gómez de obra menor para substitución de ventanais en vivenda sita na R/ do Souto, nº 2-4º, Santo Estevo de Paleo. |

| | | |
|---|---|---|
| 319 | 10/07/2015 | Toma de coñecemento de comunicación previa de D. Antonio Garcia Trigo de obra menor para construción de peche (156,5 m. Longo e 1,50 m. alto máximo) en parcela sita no lugar do Quenllo, San Martiño de Tabeaio. |
| 320 | 10/07/2015 | Toma de coñecemento de comunicación de cambio de titularidade de actividade de café-bar que se desenvolve en local sito na Rúa Belvís, 2-baixo, Santo Estevo de Paleo, de Tribus, S.C. a favor D. José Francisco Martínez Prego. |
| 321 | 14/07/2015 | Determinación dos/as membros da Corporación que realizarán as súas funcións en réxime de adicación exclusiva ou parcial. |
| 322 | 15/07/2015 | Convocatoria Comisión especial de contas 1/2015 (Mandato 2015-2019), extraordinaria constitutiva (05/08/2015). |
| 323 | 15/07/2015 | Concesión de ampliación de prestación do servizo de axuda no fogar (libre concorrencia) a D Manuel Ares Sánchez |
| 323bis | 15/07/2015 | Resolución de inicio procedementos sancionadores de tráfico. |
| 324 | 16/06/2015 | Axudas odontolóxicas, oftalmolóxicas e de estudos persoal do Concello (xaneiro a xuño de 2015) a Mª carmen García Fernández, por omisión por erro material no decreto 258/2015. |
| 325 | 16/07/2015 | Modificación do Orzamento Xeral do Concello Exp. M.C.4/2015, X.C. 3/2015. |
| 326 | 17/07/2015 | Incoación expediente orde execución limpeza finca Anida Operaciones Singulares, S.L. (EXP. LP 29/15) |
| 327 | 21/07/2015 | Liquidación servizo de axuda no fogar-prestacións básicas – (novembro e decembro de 2014) |
| 328 | 21/07/2015 | Liquidación servizo de axuda no fogar-prestacións de dependencia – (novembro e decembro de 2014) |
| 329 | 21/07/2015 | Modificación do Orzamento Xeral do Concello Exp. M.C.5/2015, Transferencia de crédito mesmo grupo de función 2/2015. |
| 330 | 22/07/2015 | Convocatoria Comisión informativa permanente de asuntos xerais do Pleno 1/2015 (Mandato 2015-2019), ordinaria constitutiva (27/07/2015). |
| 331 | 22/07/2015 | Aprobación nóminas de xullo de 2015, previo levantamento do reparo suspensivo da Intervención do Concello 13/2015 |
| 332 | 22/07/2015 | Comunicación de accidentalidade da Secretaría do Concello por ausencia do titular por vacacións entre os días 24 e 27 de xullo de 2015 |
| 333 | 24/07/2015 | Ordenar a execución das obras necesarias de poda, limpeza e desbroce de vexetación existente na parcela de José Antonio Morandeira Ponte e outros. |
| 334 | 24/07/2015 | Concesión do pago a xustificar nº 19/2015 de 250€ a favor da concelleira dona Florinda Duarte Gerpe. |
| 335 | 27/06/2015 | Convocatoria Pleno 3/2015 (Mandato 2015-2019), ordinaria (30/07/2015). |

Por outra banda, aos efectos da súa constancia correlativa nas actas do Pleno, durante o mandato anterior, dende a última sesión ordinaria, realizada o 26 de marzo de 2015, até a constitución da nova Corporación o 13 de xuño de 2015, ditáronse os seguintes decretos da Alcaldía:

| **Nº** | **DATA** | **ASUNTO** |
|---|---|---|
| 96 | 23/03/2015 | Contrato: Obra *"Adecuación de varios viais municipais no concello de Carral"*, financiada parcialmente mediante unha subvención da Axencia Galega de desenvolvemento Rural (Agader), concedida ao abeiro da convocatoria efectuada por medio da resolución do 20 de novembro de 2014 pola que se aproba o Plan marco Programa de mellora de camiños de titularidade municipal 2014-2015, no marco do PDR de Galicia 2007-2013. |
| 97 | 24/03/2015 | Renuncia á parte da achega provincial non xustificada(1.226,43€) en relación ao módulo ID do Plan de financiamento dos servizos sociais comunitarios básicos (FOPPSS/2014, expediente |

| | | |
|---|---|---|
| | | 2013051637). |
| 98 | 25/03/2015 | Asunto: Aprobación do plan de seguridade e saúde da obra "*Adecuación de varios viais municipais no concello de Carral*", financiada parcialmente mediante unha subvención da Axencia Galega de desenvolvemento Rural (Agader), concedida ao abeiro da convocatoria efectuada por medio da resolución do 20 de novembro de 2014 pola que se aproba o Plan marco Programa de mellora de camiños de titularidade municipal 2014-2015, no marco do PDR de Galicia 2007-2013- |
| 99 | 25/03/2015 | Asunto: Aprobación de bases para a contratación laboral temporal dun/ha traballador/a para o departamento de Servizos Sociais, con categoría profesional de educador/a social, (durante o período correspondente á baixa por IT da traballadora titular, ou como máximo ata o 31 de agosto de 2015, susceptible de prórroga, a tempo parcial (25 horas/semana), na modalidade contractual de interinidade en substitución por IT), a través do sistema de selección de concurso libre e entrevista persoal, e formación de bolsa de emprego para tal ocupación. |
| 100 | 25/03/2015 | Asunto: Aprobación de bases para a contratación laboral temporal dun/ha traballador/a para o departamento de Servizos Sociais, con categoría profesional de traballador/a social, (durante o período correspondente á baixa por IT da traballadora titular, ou como máximo ata o 31 de agosto de 2015, susceptible de prórroga, a tempo parcial (25 horas/semana), na modalidade contractual de interinidade en substitución por IT), a través do sistema de selección de concurso libre e entrevista persoal, e formación de bolsa de emprego para tal ocupación. |
| 101 | 25/03/2015 | Aprobación nóminas de marzo de 2015, previo levantamento do reparo suspensivo da Intervención do Concello 3/2015. |
| 102 | 27/03/2015 | Comunicación de accidentalidade da Secretaría do Concello por ausencia do titular por permiso por asuntos persoais (art. 76,3 T.R. Lei de función pública de Galicia) o día 30 de marzo de 2015. |
| 103 | 27/03/2015 | Xustificación de pagamento a xustificar 5/2015 |
| 104 | 30/03/2015 | Execución de obras de limpeza a Don Ángel Ramón Oca Iglesias, con DNI 32787332G, da finca con referencia catastral nº 8757906NH4885N0001RD. |
| 105 | 31/03/2015 | Solicitude á Xunta de Galicia de cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal para o ano 2015. |
| 106 | 31/03/2015 | Incoación expediente orde execución reposición condicións funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade inmoble sito na Avenida dos Mártires, 25, dos/as herdeiros/as de D. Hilario Gómez Gómez (EXP. LP 8/15). |
| 107 | 06/04/2015 | Liquidación de taxa por aboamentos complexo deportivo (abril de 2015). |
| 108 | 06/04/2015 | Liquidación de prezo público por escolas culturais e deportivas (abril de 2015). |
| 108bis | 06/04/2015 | Resolución de inicio procementos sancionadores de tráfico. |
| 109 | 07/04/2015 | Convocatoria X.G.L. 3/2015, ordinaria (08/04/2015). |
| 110 | 07/04/2015 | Persoamento procedemento abreviado 7/2015 Xulgado Contencioso-Administrativo nº 4 A Coruña e emprazamentos. |
| 111 | 08/04/2015 | Solicitude á Deputación Provincial da Coruña dunha subvención nominativa para o financiamento das obras de "*Intersección con carril central na N-550 para acceso a IES (Carral)*", segundo o proxecto elaborado en febreiro de 2015 polo enxeñeiro de camiños D. Julio C. Rojo Martínez, modificado segundo o requirido pola Demarcación de Estradas do Estado. |
| 112 | 08/04/2015 | Levantamento de reparo suspensivo 4/2015, emitido no tocante ao recoñecemento da obriga de relación de facturas proposta pola Alcaldía o 8 de abril de 2015, por importe de 47.904,78€. |
| 113 | 09/04/2015 | Solicitude de D Alberto Rodríguez Rodríguez de licenza de obra maior para a rehabilitación dunha vivenda unifamiliar existente, sita no lugar de Casal, nº 5, Santo Estevo de Paleo. |
| 114 | 09/04/2015 | Solicitude de D. José Caridad Estraviz (e/r Dª Carmen París Patiño, Dª María Carmen Caridad París, Dª María Luisa Caridad París e D. Luis Manuel Caridad París) de licenza de segregación de parcela (referencia catastral 1991407NH5819S0001LR) sita no lugar de Tarroeira, 52, San Martiño de Tabeaio, de 5.968 m2, segundo medición do técnico que subscribe o proxecto, en tres parcelas (548 m2; 732 m2 e resto finca matriz 4.668 m2 solo urbano e 20 m2 solo rústico). |
| 115 | 10/04/2015 | Solicitude de D Carlos Carneiro Berdomas de licenza de obra maior para a construción dunha |

| | | |
|---|---|---|
| | | vivenda unifamiliar en Gosende 10-D, San Martiño de Tabeaio. |
| 116 | 14/04/2015 | Asunto: Relación provisional de solicitudes admitidos/as e excluídos para a contratación laboral temporal de un/ha traballador/a social para o departamento de Servizos Sociais do Concello durante o período correspondente á baixa por IT da titular do posto, a tempo parcial, 25 horas/semana, na modalidade contractual de interinidade, a través do sistema de selección de concurso libre e entrevista persoal. |
| 117 | 14/04/2015 | Asunto: Relación provisional de solicitudes admitidos/as e excluídos para a contratación laboral temporal de un/ha educador/a social para o departamento de Servizos Sociais do Concello durante o período correspondente á baixa por IT da titular do posto, a tempo parcial, 25 horas/semana, na modalidade contractual de interinidade, a través do sistema de selección de concurso libre e entrevista persoal. |
| 118 | 15/04/2015 | Modificación do Orzamento Xeral do Concello Exp. M.C.1/2015, Transferencia de crédito 1/2015. |
| 119 | 15/04/2015 | Autorización de pagamento a xustificar 9/2015 |
| 120 | 15/04/2015 | Autorización de pagamento a xustificar 10/2015 |
| 121 | 15/04/2015 | Recoñecemento da obriga e pagamento de facturas para a aplicación da subvención da Xunta de Galicia (Consellaría de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria) para a mellora da colección bibliográfica da Biblioteca do Concello de Carral. |
| 122 | 16/04/2015 | Solicitude de D José Roberto Botana Corral (e/r D. Daniel Etayo Álvarez) de prórroga de inicio da obra de construción dunha vivenda unifamiliar en Ameás, San Vicente de Vigo (para a que se outorgou licenza por acordo da Xunta de Goberno Local do 9 de maio de 2013, modificada por acordo dese mesmo órgano do 23 de abril de 2014). |
| 123 | 16/04/2015 | Autorización de pagamento a xustificar 11/2015 |
| 124 | 20/04/2015 | Devolución de garantía de contrato de servizos Esproade, S.L. |
| 125 | 21/04/2015 | Asunto: Persoamento no procedemento ordinario 5/2015, Xulgado Contencioso Administrativo nº 4 da Coruña, interposto por Jesús Rodríguez Vieites e Juan Manuel Alfonso Méndez, e encomendación da defensa á asesoría xurídica da Deputación da Coruña |
| 126 | 21/04/2015 | Aprobación e pagamento á Xunta de Galicia (Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras) de taxa de "autorización de certames con animais" para exhibición de aves rapaces os días 9 e 10 de maio de 2015 na Feira medieval de Carral. |
| 127 | 21/04/2015 | Aprobación nóminas de abril de 2015, previo levantamento do reparo suspensivo da Intervención do Concello 5/2015 |
| 128 | 21/04/2015 | Recoñecemento da obriga e pagamento factura 39/30-3-2015 Rebeca Rivera Sar |
| 129 | 22/04/2015 | Convocatoria Pleno 4/2015, Extraordinaria (luns 27 de abril de 2015 ás 10.00 horas). |
| 130 | 22/04/2015 | Asunto: Constitución de anticipo de caixa fixa 1/2015 (Habilitada: Margarita Ramilo Varela) |
| 131 | 22/04/2015 | Resolución de inicio procedementos sancionadores de tráfico |
| 132 | 24/04/2015 | Asunto: Solicitude á Xunta de Galicia (Consellaría de Economía e Industria) de subvención para a *"Mellora de viais e da seguridade dos mesmos dentro do Parque Empresarial dos Capelos"* ao abeiro da Orde do 4 de marzo de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestructuras dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), no marco do programa operativo Feder Galicia 2007-2013, e se procede á súa convocatoria para o ano 2015 (IN519B). |
| 133 | 24/04/2015 | Comunicación de accidentalidade da Secretaría do Concello por ausencia do titular por vacacións entre os días 28 e 29 de abril de 2015. |
| 134 | 27/04/2015 | ASUNTO: Declaración de elevación a definitivo do acordo plenario inicial de aprobación do expediente do orzamento xeral do Concello para 2015 (art. 169.1 do Real Decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais-TRLRFL). |
| 135 | 28/04/2015 | Asunto: Contratación laboral temporal de dun/ha EDUCADOR/A SOCIAL para o departamento de Servizos Sociais do Concello durante o período correspondente á baixa por IT da titular do posto, a tempo parcial, 25 horas/semana, na modalidade contractual de interinidade, a través do sistema de selección de concurso libre e entrevista persoal e formación de bolsa de |

| | | |
|---|---|---|
| | | emprego para tal ocupación. |
| 136 | 29/04/2015 | Asunto: aprobación factura nº 015MC04, de data 12 de marzo de 2015, emitida por Roberto Montoto Camba por importe de 3.112,08€. |
| 137 | 30/04/2015 | Asunto: Designación do xurado do premio do XVIII Concurso de poesía "Concello de Carral" |
| 138 | 30/04/2015 | Incoación expediente ordenación forestal (Exp OR FOR 1/2015) |
| 139 | 30/04/2015 | Incoación expediente xestión biomasa Lei prevención e defensa contra incendios forestais (Exp FOR 1/2015) |
| 140 | 30/04/2015 | Autorización de pagamento a xustificar 8/2015 |
| 141 | 30/04/2015 | Autorización de pagamento a xustificar 11/2015 |
| 142 | 30/04/2015 | Autorización de pagamento a xustificar 12/2015 |
| 143 | 04/05/2015 | Convocatoria X.G.L. 4/2015, ordinaria (05/05/2015). |
| 144 | 04/05/2015 | Asunto: Solicitude de D Antonio Nouche Paz de licenza de obra maior para a contrución dunha vivenda unifamiliar illada na Tarroeira, 52, Souto da Fonte, Fócanos, Santo Estevo de Paleo. |
| 145 | 04/05/2015 | Asunto: Solicitude de D Francisco Javier Fariña Varela de licenza de obra maior para a contrución dun garaxe de servizo a vivenda unifamiliar existente en Cimadevila, San Pedro de Quembre. |
| 146 | 04/05/2015 | Asunto: Solicitude de D Ángel Luis Seoane Muíño de licenza de obra maior para a contrución dunha vivenda unifamiliar en Abrigosa, San Vicente de Vigo. |
| 147 | 05/05/2015 | Asunto: Aprobación de proxecto modificado por segunda vez, tras o acordo favorable da Comisión Central de Valoración competente, para a posta en marcha do obradoiro de emprego *"Atención á dependencia no fogar e nas institucións"*, en convenio cos concellos de Abegondo, Bergondo e Mesía. |
| 148 | 05/05/2015 | Asunto: Liquidación de taxa por aboamentos complexo deportivo (maio de 2015) |
| 149 | 05/05/2015 | Asunto: Liquidación de prezo público por escolas culturais e deportivas (maio de 2015) |
| 150 | 06/05/2015 | Autorización de pagamento a xustificar 13/2015 |
| 151 | 06/05/2015 | Asunto: Incoación expediente orde execución limpeza finca herdeiros D. Ángel López Blanco (D. Ángel Manuel López Ferreiro) (EXP. LP 11/15) |
| 152 | 07/05/2015 | Asunto: Resolución de solicitudes concorrentes da Asamblea Cidadá e do Partido Popular de Carral para a utilización dos terreos de titularidade municipal sitos no Castro de Tabeaio para a realización de actos electorais o 17 de maio de 2015. |
| 153 | 07/05/2015 | Asunto: Solicitude á Xunta de Galicia (Consellaría de Traballo e Benestar) de subvención para o Servizo de Información Xuvenil de Carral (Funcionamento da OMIX e programa de actividades) ao abeiro da Orde do 30 de marzo de 2015 pola que se aproban as bases que rexen as subvencións destinadas ás entidades locais de Galicia para a promoción da información xuvenil e para a realización de actividades dirixidas á xuventude no ámbito da educación non formal e da participación durante o ano 2015 e se procede á súa convocatoria. |
| 154 | 07/05/2015 | Asunto: Recoñecemento da obriga e pagamento factura 40/30-4-2015 Rebeca Rivera Sar |
| 155 | 07/05/2015 | Asunto: Incoación expediente orde execución limpeza finca herdeiros D. Antonio Bermúdez Ínsua (EXP. LP 12/15) |
| 156 | 08/05/2015 | Convocatoria Comisión informativa permanente de facenda, urbanismo, obras, industria, medio ambien, réxime interior, organización e persoal 4/2015, Extraordinaria 12/05/2015). |
| 157 | 08/05/2015 | Incoación expediente orde execución limpeza finca D. José Fernández Barbeito (EXP. LP 13/15) |
| 158 | 08/05/2015 | Incoación expediente orde execución limpeza finca Dª. Isolina Busto Bao (EXP. LP 14/15) |
| 159 | 12/05/2015 | Asunto: Solicitude á Xunta de Galicia de subvención ao abeiro da Orde do 22 de abril de 2015, da Secretaría Xeral de Política Lingüística, pola que se establecen as bases para a concesión de subvencións ás entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega e se procede á súa convocatoria (ED115A9. |
| 160 | 12/05/2015 | Convocatoria Pleno 5/2015, Extraordinaria (venres 15 de maio de 2015 ás 12.00 horas). |
| 161 | 12/05/2015 | Asunto: Nova resolución de solicitudes da Asamblea Cidadá de Carral para a utilización dos terreos de titularidade municipal sitos no Castro de Tabeaio para a realización dun actos electoral o 17 de maio de 2015, por renuncia do Partido Popular de Carral á realización doutro acto no mesmo lugar e data, autorizado mediante o meu decreto 152/2015, do 7 de maio de |

| | | |
|---|---|---|
| | | 2015. |
| 162 | 12/05/2015 | Incoación expediente orde execución limpeza finca herdeiros/as D. José Mª Barbeito Fernández (EXP. LP 15/15) |
| 163 | 13/05/2015 | Incoación expediente xestión biomasa Lei prevención e defensa contra incendios forestais (Exp FOR 2/2015) |
| 164 | 13/05/2015 | Incoación expediente orde execución limpeza finca D. José García Salgado (EXP. LP 16/15) |
| 165 | 14/05/2015 | Modificación do Orzamento Xeral do Concello Exp. M.C.2/2015, X.C. 1/2015. |
| 166 | 14/05/2015 | Asunto: Estimación solicitude devolución de ingresos indebidos (pagamento excesivo taxa licenza obra de reforma de local de catering en Rúa Belvís, 2) realizada por Dª. Débora Botana Lado. |
| 167 | 14/05/2015 | Xustificación de pagamento a xustificar 10/2015 |
| 168 | 14/05/2015 | Xustificación de pagamento a xustificar 12/2015 |
| 169 | 14/05/2015 | Modificación do Orzamento Xeral do Concello Exp. M.C.3/2015, X.C. 2/2015. |
| 170 | 14/05/2015 | Incoación expediente orde execución limpeza finca herdeiros/as D. José Rodríguez Ínsua (EXP. LP 17/15) |
| 170bis | 14/05/2015 | Resolución de inicio procedementos sancionadores de tráfico |
| 171 | 15/05/2015 | Incoación expediente orde execución limpeza finca Dª. Pilar Vázquez Gende (EXP. LP 18/15) |
| 172 | 15/05/2015 | Levantamento de reparo suspensivo 8/2015, emitido no tocante ao recoñecemento da obriga de relación de facturas proposta pola Alcaldía o 15 de maio de 2015, por importe de 60,694,66€. |
| 173 | 15/05/2015 | Concesión de prestación do servizo de axuda no fogar (libre concorrencia) a Dª. Josefa Ferreiro París. |
| 174 | 18/05/2015 | Xustificación de pagamento a xustificar 9/2015 |
| 175 | 18/05/2015 | Asunto: Aprobación da liquidación do Orzamento Xeral do Concello para 2014. |
| 176 | 19/05/2015 | Convocatoria X.G.L. 5/2015, ordinaria (20/05/2015). |
| 177 | 19/05/2015 | Aprobación certificación nº 1 obra "Vestiarios campo de fútbol dos Capelos" |
| 178 | 19/05/2015 | Asunto: Aprobación da conta xustificativa do anticipo de caixa fixa 1/2015 (Habilitada: Margarita Ramilo Varela) |
| 179 | 19/05/2015 | Asunto: Constitución de anticipo de caixa fixa 2/2015 (Habilitada: Ana Isabel Forján Villar) |
| 180 | 20/05/2015 | Asunto: Adxudicación do contrato menor privado de seguro correspondente á responsabilidade civil do Concello. |
| 181 | 20/05/2015 | Asunto: Declaración de elevación a definitivo do acordo plenario provisorio de aprobación de modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles (art. 17.3 do Real Decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais-TRLRFL). |
| 182 | 20/05/2015 | Asunto: Declaración de elevación a definitivo do acordo plenario inicial de aprobación da ordenanza do Concello de Carral reguladora dos procedementos de intervención administrativa nos actos de uso do solo e subsolo e no exercicio de actividades e apertura de establecementos (art. 49.c) par2º da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL). |
| 183 | 20/05/2015 | Asunto: Declaración de elevación a definitivo do acordo plenario inicial de aprobación da ordenanza reguladora da administración electrónica municipal do Concello de Carral (art. 49.c) par2º da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL). |
| 184 | 20/05/2015 | Asunto: Declaración de elevación a definitivo do acordo plenario inicial de aprobación do regulamento municipal do réxime interno da colección visitable do Castro das Travesas (art. 49.c) par2º da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL). |
| 185 | 21/05/2015 | Asunto: Solicitude de Dª. María del Carmen García Fiaño de licenza de obra maior para a construción dun local para almacenaxe e embalaxe de prantas de viveiro para a súa comercialización, no lugar de Beira, 19 – Santa Mariña de Beira. |
| 186 | 21/05/2015 | Asunto: Solicitude de D. José A. Gende Boquete de prórroga de finalización da obra de construción dunha vivenda unifamiliar en Beira (para a que se outorgou licenza por acordo da Xunta de Goberno Local do 7 de decembro de 2011). |
| 187 | 21/05/2015 | Asunto: Solicitude de Dª. Débora Botana Lado (e/r Leiralonga, SC) de licenza de obra maior para a adecuación dun local para servizo de catering, en Belvis, nº 2-local nº 1, baixo, Santa |

| | | |
|---|---|---|
| | | Estevo de Paleo (Carral). |
| 188 | 21/05/2015 | Asunto: Solicitude de D. Juan Manuel González de Canales Cubero de licenza de obra maior para a reforma dun local para consulta dental, na R/ Manuel Jesús Méndez Búa, nº 22. Santo Estevo de Paleo (Carral). |
| 189 | 21/05/2015 | Levantamento reparo 8-5-2015 e recoñecemento obriga e liquidación certificación 4 obra "Pavementación viais Cañás e Paleo DTC93" |
| 190 | 21/05/2015 | Aprobación certificación 2 obra "Pavementación viais Cañás e Paleo DTC93" |
| 191 | 21/05/2015 | Aprobación certificación 3 obra "Pavementación viais Cañás e Paleo DTC93" |
| 192 | 21/05/2015 | Asunto: Licenza administrativa para a tenza de animais potencialmente perigosos nº 12 (Exp P.P. Tatiana Patiño Cañás) |
| 193 | 21/05/2015 | Asunto: Inscrición no rexistro de animais potencialmente perigosos nº 14 (Exp Rottweiller-Nala- Tatiana Patiño Cañás) |
| 194 | 21/05/2015 | Aprobación certificacións 2,3 e 4 obra "Acondicionamento e mellora vías San Vicente (POS 2014)" |
| 195 | 21/05/2015 | Devolución de garantía de contrato de servizos Esproade, S.L. |
| 196 | 25/05/2015 | Incoación expediente orde execución limpeza finca Dª. Antonia Gende París (EXP. LP 19/15) |
| 197 | 25/05/2015 | Incoación expediente xestión biomasa Lei prevención e defensa contra incendios forestais (Exp FOR 3/2015) |
| 198 | 25/05/2015 | Incoación expediente xestión biomasa Lei prevención e defensa contra incendios forestais (Exp FOR 4/2015) |
| 199 | 25/05/2015 | Incoación expediente xestión biomasa Lei prevención e defensa contra incendios forestais (Exp FOR 5/2015) |
| 200 | 25/05/2015 | Incoación expediente xestión biomasa Lei prevención e defensa contra incendios forestais (Exp FOR 6/2015) |
| 201 | 26/05/2015 | Comunicación de accidentalidade da Secretaría do Concello por ausencia do titular para asistencia a curso (art. 14 g) Estatuto Básico do Empregado Público) o día 27 de maio de 2015. |
| 202 | 26/05/2015 | Autorización de pagamento a xustificar 14/2015 |
| 203 | 26/05/2015 | Autorización de pagamento a xustificar 15/2015 |
| 204 | 26/05/2015 | Asunto: Aprobación nóminas de maio de 2015 (e paga extraordinaria e adicional de decembro de 2012), previo levantamento do reparo suspensivo da Intervención do Concello 10/2015 |
| 205 | 27/05/2015 | Asunto: Outorgamento do premio do XVIII certame do concurso de poesía "Concello de Carral" a Dª Eva Veiga Torre. |
| 206 | 28/05/2015 | Asunto: Aprobación, exposición pública e posta ao cobramento de padrón auga-sumidoiros-depuración- canon da auga 3º trimestre 2014 |
| 207 | 28/05/2015 | Asunto: Estimación solicitude devolución de ingresos indebidos (devolución ICIO por non outorgamento de licenza a instancia de D. José Ángel Torrecilla López (DNI: 32426571K). |
| 208 | 28/05/2015 | Incoación expediente orde execución limpeza finca D. Manuel Orgeira Candal (EXP. LP 20/15) |
| 209 | 28/05/2015 | Incoación expediente orde execución limpeza finca herdeiros/as Dª. Antonia Vázquez García (EXP. LP 21/15) |
| 210 | 28/05/2015 | Incoación expediente orde execución limpeza finca Dª. Mariana Mañana Carballeira (EXP. LP 22/15) |
| 211 | 28/05/2015 | Aprobación e pagamento á Administración Xeral do Estado (Secretaría de Estado de Telecomunicaciones y para la Sociedad de la Información) de taxa por "reserva do dominio público radioeléctrico -uso privativo". |
| 212 | 29/05/2015 | Incoación expediente xestión biomasa Lei prevención e defensa contra incendios forestais (Exp FOR 7/2015) |
| 213 | 29/05/2015 | Aprobación certificación nº 1 da obra *"Reforma de local social para Casa da xuventude"* ao abeiro do convenio de colaboración asinado o 27 de decembro de 2013 entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Carral para o financiamento da obra. |
| 214 | 29/05/2015 | Incoación expediente orde execución limpeza finca herdeiros/as Dª. Antonio Bermúdez Mouriño (EXP. LP 23/15) |
| 215 | 01/06/2015 | Incoación expediente orde execución limpeza finca D. Luis Montes Barral (EXP. LP 24/15) |

| | | |
|---|---|---|
| 216 | 04/06/2015 | Recoñecemento da obriga e pagamento factura 89 15/29-4-2015 Lomar Impresores, S.L.U. |
| 217 | 04/06/2015 | Recoñecemento da obriga e pagamento factura 41/30-5-2015 Rebeca Rivera Sar |
| 218 | 05/06/2015 | Convocatoria Pleno 6/2015, Extraordinaria (mércores 10 de xuño de 2015 ás 12.00 horas). |
| 219 | 05/06/2015 | Convocatoria Comisión informativa permanente de facenda, urbanismo, obras, industria, medio ambiente, réxime interior, organización e persoal 5/2015, Extraordinaria (art. 36.1 ROF) (mércores 10 de xuño de 2015 ás 12:05). |
| 220 | 05/06/2015 | Convocatoria Comisión especial de contas 1/2015, Extraordinaria (art. 36.1 ROF) (mércores 10 de xuño de 2015 ás 12:07). |
| 221 | 05/06/2015 | Convocatoria Comisión informativa permanente de educación, emprego, comercio, protección civil, muller, sanidade e benestar social 1/2015, Extraordinaria (art. 36.1 ROF) (mércores 10 de xuño de 2015 ás 12:10). |
| 222 | 05/06/2015 | Convocatoria Comisión informativa permanente de cultura, deportes, xuventude e participación cidadá 1/2015, Extraordinaria (art. 36.1 ROF) (mércores 10 de xuño de 2015 ás 12:12). |
| 223 | 05/06/2015 | Asunto: Liquidación de taxa por aboamentos complexo deportivo (xuño de 2015) |
| 224 | 05/06/2015 | Asunto: Toma de coñecemento de comunicación previa de D. José Antonio Rodríguez Louro de obra menor para reposición de cubierta, substitución parcial de carpintaría exterior, e rexuntado de pedra na fachada principal en vivenda sita en Paiolante, nº 5, San Pedro de Quembre. |
| 225 | 05/06/2015 | Asunto: Toma de coñecemento de comunicación previa de D. Jesús Luis Gantes Díaz de obra menor para reposición de balcón e pintado de fachada en vivenda sita na Avenida dos Mártires, nº 19, Santo Estevo de Paleo. |
| 226 | 05/06/2015 | Asunto: Toma de coñecemento de comunicación previa de D. Roberto Botana Corral (e/r Dª Josefa Corral Quintana) de obra menor para revestimento de medianera en vivenda sita na Capela, nº 15, Santo Estevo de Paleo. |
| 227 | 05/06/2015 | Asunto: Toma de coñecemento de comunicación previa de D. David Barreiro Gómez de obra menor para construción de peche (1,50 m. altura máxima) de finca sita en Ameás,52-B, San Vicente de Vigo. |
| 228 | 05/06/2015 | Asunto: Toma de coñecemento de comunicación previa de D. Daniel Rico Rodríguez de obra menor para cercado de ventás e pintado de fachada da vivenda sita nos Bulleiros, nº 1, Santo Estevo de Paleo. |
| 229 | 05/06/2015 | Asunto: Toma de coñecemento de comunicación previa de D. Jesús Bello Varela e D. Miguel Bello García de obra menor para construción de peche (1,50 m. altura máxima) na parcela con referencia catastral 10411403NH5814S0001KA sita en Salgueiras, nº 8-10, San Pedro de Quembre. |
| 230 | 05/06/2015 | Asunto: Toma de coñecemento de comunicación previa de D. José García Salgado de obra menor para reparación de tellado a base de tella do país da vivenda sita en Ponte Lago, nº 1, San Pedro de Quembre. |
| 231 | 05/06/2015 | Asunto: Toma de coñecemento de comunicación previa de D. José Manuel Montes Martínez de obra menor para construción de galpón de 32m2 a realizar na parcela con referencia catastral 4170305NH5847S0001WT sita en Bailía, nº 21, Santa Baia de Cañás. |
| 232 | 05/06/2015 | Asunto: Toma de coñecemento de comunicación previa de Dª. Mercedes Cañás Graiño de obra menor para reparación de aplacado da fachada do baixo da vivenda e interiores de ocos sita no lugar de Tarroeira nº 16, San Martiño de Tabeaio. |
| 233 | 05/06/2015 | Asunto: Toma de coñecemento de comunicación previa de D. José Ángel Sánchez Calvo de obra menor para reparación de cercado lateral e cambio de ventás da vivenda de Tarroeira nº 22, San Martiño de Tabeaio. |
| 234 | 05/06/2015 | Asunto: Toma de coñecemento de comunicación previa de D. José Manuel Garaboa Bao de obra menor para pintado da fachada da vivenda sita no Canedo nº 40, Santa Mariña de Beira. |
| 235 | 05/06/2015 | Asunto: Toma de coñecemento de comunicación previa de D. Alejandro Martínez Peña de obra menor para construción de peche (1,50 m. alto máximo) na parcela con referencia catastral 15021A017000590000RI sita en Cabrois, Santo Estevo de Paleo. |
| 236 | 05/06/2015 | Asunto: Toma de coñecemento de comunicación previa de D. Carlos Gende Bao de obra |

| | | |
|---|---|---|
| | | menor para construción de peche (1,50 m. alto máximo) na parcela con referencia catastral 1787712NH5818N0000DQ sita no lugar de Pedrido, San Martiño de Tabeaio. |
| 237 | 05/06/2015 | Asunto: Toma de coñecemento de comunicación previa de D. David López López de obra menor para construción de rampa de acceso á propiedade e construción de arqueta na finca sita en Pedrido nº 1, San Martiño de Tabeaio. |
| 238 | 05/06/2015 | Asunto: Toma de coñecemento de comunicación previa de D. Sergio López Rodríguez de obra menor para reparación de tellado con acabado de tella do país da vivenda sita en Cambela nº 5, San Martiño de Tabeaio. |
| 239 | 05/06/2015 | Asunto: Toma de coñecemento de comunicación previa de D. José Ulibarrena Estévez, en representación de Telefónica España SAU, de obra menor para mellora e ampliación de instalacións telefónicas existentes na rúa Belvís e na rúa da Fraga, Santo Estevo de Paleo. |
| 239bis | 05/06/2015 | Resolución de inicio procedementos sancionadores de tráfico |
| 240 | 09/06/2015 | Convocatoria X.G.L. 6/2015, Extraordinaria (art.36.1 ROF) (mércores 10 de xuño de 2015 ás 12.15 horas). |
| 241 | 10/06/2015 | Convocatoria Pleno 1/2015 (Mandato 2015-2019), Extraordinaria constitutiva (sábado 13 de xuño de 2015 ás 12.00 horas) |
| 242 | 10/06/2015 | Aprobación certificación nº 2 obra "Vestiarios campo de fútbol dos Capelos" |
| 243 | 10/06/2015 | Asunto: Toma de coñecemento de comunicación previa de D. Antonio Veiras González de obra menor para reparación de tellado de galpón sito na finca do Marco das Eiras con referencia catastral 15021A014003990000RL, Santo Estevo de Paleo. |
| 244 | 10/06/2015 | Asunto: Toma de coñecemento de comunicación previa de D. Francisco Placer Blanco de obra menor para acondicionamento de fachada na vivenda sita en Lameira nº 4, San Martiño de Tabeaio. |
| 245 | 10/06/2015 | Asunto: Toma de coñecemento de comunicación previa de D. Juan José Bermúdez Bergondo de obra menor para revestimento de fachada en cerámica na vivenda sita na Chousa nº 6, Santo Estevo de Paleo. |
| 246 | 10/06/2015 | Asunto: Toma de coñecemento de comunicación previa de D. Isidro Ramos Bergondo de pintado de fachada do edificio sito en Tarroeira nº 55, San Martiño de Tabeaio. |
| 247 | 10/06/2015 | Asunto: Toma de coñecemento de comunicación previa de D. José Domingo Veiras Bello de obra menor para construción de peche (altura máxima 1,50 m.) na parcela sita no lugar de Paradela, nº 4, San Pedro de Quembre. |
| 248 | 10/06/2015 | Asunto: Toma de coñecemento de comunicación previa de Dª. Yolanda Bouzas Manteiga de obra menor para construción de peche de 15 m/l (altura máxima 1,50 m.) na finca do Camiño do Casal nº 4, Santo Estevo de Paleo. |
| 249 | 10/06/2015 | Asunto: Toma de coñecemento de comunicación previa de D. Roberto Andrade Martínez de obra menor para limpeza das paredes exteriores e aislamentos das mesmas da vivenda de Bacelo nº 14, Santa Baia de Cañás. |
| 250 | 10/06/2015 | Asunto: Toma de coñecemento de comunicación previa de D. José Antonio Candal Gay de obra menor para construción de peche (altura máxima 1,50 m.) na parcela do Canedo con referencia catastral 00200100NH58E0001HL1, Santa Mariña de Beira. |
| 251 | 10/06/2015 | Asunto: Toma de coñecemento de comunicación previa de D. Manuel Montes Villamarín de obra menor para construción de peche a base de dúas ringleiras de bloque e tea (altura máxima 1,50 m.) na finca sita en Cañás nº 6, Santa Baia de Cañás. |
| 252 | 10/06/2015 | Asunto: Toma de coñecemento de comunicación previa de Dª. Josefa Vázquez Soto de obra menor para reparación de peche xa existente (altura máxima 1,50 m.) na finca sita en Cambela nº 5, San Martiño de Tabeaio. |
| 253 | 10/06/2015 | Asunto: Toma de coñecemento de comunicación previa de D. Xoan Palla Brandariz de obra menor para peche de escaleira exterior a base de estructura de aluminio da vivenda sita Bailia nº 11, Santa Baia de Cañás. |
| 254 | 10/06/2015 | Aprobación certificación nº 2 obra "Reforma local social Casa da Xuventude" |
| 255 | 11/06/2015 | Incoación expediente orde execución limpeza finca D. Javier Sánchez Suárez (EXP. LR 25/15) |
| 256 | 12/06/2015 | Incoación expediente orde execución limpeza finca D. Ricardo Bascoy Martínez (EXP. LR 26/15) |

**6.- MOCIÓNS DOS GRUPOS POLÍTICOS, NO SEU CASO.**

O Señor Alcalde pregunta se algún grupo municipal desexa presentar algunha moción, segundo o establecido nos artigos 91.4 e 97.3 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF en adiante) e, dado que os señores voceiros dos grupos municipais mixto e do PSdeG-PSOE indican que si, procédese de seguido segundo o establecido no artigo 91.4 ROF en relación ás mocións que presentan tales grupos municipais.

**6.1.- Moción do grupo municipal mixto (ACC-SON) para desenvolver un Plan de formación que permita unha utilización intensiva dos locais municipais.**

**EXPOSICIÓN**

O señor Bergondo Trillo, voceiro do grupo municipal mixto (ACC-SON) entregou o texto da súa moción por escrito, como segue:

*"O concelleiro da Asemblea Cidadá de Carral e voceiro do grupo municipal, César Bergondo, formula a seguinte **MOCIÓN para desenvolver un Plan de formación que permita unha utilización intensiva dos locais municipais,** ao obxecto de ser incluída na orde do día do Pleno ordinario e debatida no mesmo coa seguinte*

***Exposición de motivos***

*Na actual situación de crise económica e social, cuns índices de pobreza e desemprego desorbitados, semella inaudito que o Concello non aposte decididamente pola capacitación da súa veciñanza.*

*A falta de disposición e incapacidade dos populares para desenvolver políticas activas de emprego, resulta desesperanzadora. Feito que teñen acreditado durante máis dunha década de goberno. Así, non é de estrañar, que o Concello se permita o luxo de manter o Centro de Formación Antón Fraguas desocupado a meirande parte do tempo, mentres 377 persoas atópanse en situación de desemprego nun Concello con moi pouca poboación activa. Neste sentido abraia observar como o aula de carpintería leva anos pechada sen actividade a pesares de dispor maquinaria valorada nuns 60.000 € e dispor de acreditados profesionais locais dispostos a dar a formación nesta materia.*

*A asemblea Cidadá de Carral considera que os poderes públicos deben promover a maior cantidade de recursos posible que permitan a cidadanía capacitarse de cara a poder acceder ao mercado laboral na mellor situación posible, xa que logo, presentamos, para a súa aprobación polo Pleno do Concello a seguinte proposta de*

***ACORDO***

*O Pleno do Concello de Carral insta ao goberno municipal a desenvolver un Plan director de formación que permita á veciñanza capacitarse profesionalmente, baixo os seguintes principios reitores:*

- *O devandito plan debe realizarse de xeito participado co tecido social e os grupos da oposición*
- *O dito plan debe promover a utilización intensiva dos recintos municipais, tanto o Centro de Formación Antón Fraguas, como os distintos locais sociais parroquiais que na actualidade están infrautilizados.*
- *O plan debe incorporar un estudo de viabilidade onde se valoren en detalle as distintas posibilidades de financiamento, subvencións e acordos entre administracións para que as propias achegas*

*municipais sexan presupostadas correctamente para asegurar un servizo de calidade e continuado para a veciñanza.*

- *Por último, o plan debe incorporar un estudo de oportunidade, de acordo tanto coa realidade laboral e a situación económica actual, como coa realidade social do municipio, para promover cursos de formación pragmáticos que supoñan un valor engadido para o alumnado e resolvan as carencias formativas da veciñanza de cara a súa capacitación laboral.*

*Carral, a 28 de xullo de 2015*

*César Bergondo*
*Voceiro da Asemblea Cidadá de Carral"*

A señora Duarte Gerpe, voceira do grupo municipal do PP, manifesta que o seu grupo vai votar en contra da urxencia da moción, porque no edificio Antón Fraguas xa se están facendo formacións e actividades culturais e deportivas. O señor Bergondo pregunta se tamén vai realizar actividades deportivas alí.

Sometida polo Señor Alcalde a votación a declaración de urxencia da moción, esta é rexeitada por sete votos en contra dos/as señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PP, fronte a seis votos a favor (dos/as cinco señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE e do señor concelleiro do grupo mixto), polo que non se pasa de seguido ao seu tratamento.

**6.2.- Moción do grupo municipal mixto (ACC-SON) para baixar o salario dos cargos públicos con adicación e destinar o aforro á xeración de emprego.**

**EXPOSICIÓN**

O señor Bergondo Trillo, voceiro do grupo municipal mixto (ACC-SON) entregou o texto da súa moción por escrito, como segue:

*"O concelleiro da Asemblea Cidadá de Carral e voceiro do grupo municipal, César Bergondo, formula a seguinte* ***MOCIÓN para baixar o salario dos cargos públicos con dedicación e destinar o aforro á xeración de emprego,*** *ao obxecto de ser incluída na orde do día do Pleno ordinario e debatida no mesmo coa seguinte*

***Exposición de motivos***

*En plena situación de crise económica e social, cun concello en bancarrota e cando a tónica xeral é a redución de salarios dos cargos públicos, semella inconcibible que o PP aproveitando a súa maioría absoluta e co voto en contra da oposición, aprobou no pasado pleno de organización un incremento superior ao 20% os custes do goberno municipal. So nos salarios das dedicacións do goberno local, o gasto incrementase en 19.310 €, pasando de 100.250 € anuais do anterior mandato a 119.560 €, ao que hai que engadir o incremento por asistencias ás xuntas de goberno.*

*O alcalde subiuse o soldo un 6%, que supón un incremento anual de 2100 € pasando de 36.540 a 38.640 € o que significa chegar ata o 86% do máximo marcado por lei para concellos entre 5000 e 10000 habitantes. Un dato que contrasta coa actuación doutros alcaldes, como o da Coruña que reduciu o seu salario ata os 40.000 € o que supón o 50% do seu límite salarial que para concellos de é entre 150.000 e 300.000 habitantes, é de 80.000 €. Así pois, as persoas que viven en Carral teñen que soportar unha carga económica 40 veces superior para manter ao seu alcalde que os que viven en Coruña, que é de 16 céntimos, mentres que para manter a Mouriño nos supón a cada un de nós 6,32 €.*

*A asemblea Cidadá de Carral aposta decididamente por dedicar os recursos do concello ao benestar da veciñanza e xerar emprego local, polo que presenta esta iniciativa que permite aos populares emendar o inaceptable incremento de emolumentos que ten indignada á veciñaza, a través da aprobación polo Pleno do Concello a seguinte proposta de*

***ACORDO***

***Primeiro.-*** *O Pleno do Concello de Carral insta ao goberno municipal a baixar o un 25% os salarios os dos cargos públicos con dedicación, o que suporía un aforro anual duns 30.000 €.*

***Segundo.-*** *Reducir un 25% a cantidade percibida por cada membro do goberno municipal por asistencias ás Xuntas de Goberno, que se desenvolven cada dúas semanas, pasando dos 200 € actuais a 150 €.*

***Terceiro.-*** *Utilizar todas as economías aforradas para xerar emprego público de duración determinada e interese social, o que permitira crear dous postos de traballo anuais para mellorar a calidade de vida da veciñanza.*

*Carral, a 27 de xullo de 2015*

*César Bergondo*
*Voceiro da Asemblea Cidadá de Carral*

"

O señor Alcalde manifesta que xerar emprego é tamén traballar, e que están máis que satisfeitos coas decisións sobre a constitución do equipo de goberno e as asignacións aos concelleiros, polo que coidan que a proposta non é urxente.

Sometida polo Señor Alcalde a votación a declaración de urxencia da moción, esta é rexeitada por sete votos en contra dos/as señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PP, fronte a seis votos a favor (dos/as cinco señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PsdeG-PSOE e do señor concelleiro do grupo mixto), polo que non se pasa de seguido ao seu tratamento.

**6.3.- Moción do grupo municipal do PsdeG-PSOE para o mantemento e aecuación ó entorno urbano dos edificios privados que en fase de construción quedaron sen rematar (...).**

**EXPOSICIÓN**

O señor Couto López, voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE entregou o texto da súa moción por escrito, como segue:

*"O Concelleiro portavoz do Grupo Municipal Socialista, Pablo Couto López, desexa someter a consideración do Pleno a seguinte* ***MOCIÓN: MANTEMENTO E ADECUACIÓN O ENTORNO URBANO DOS EDIFICIOS PRIVADOS QUE EN FASE DE CONSTRUCCIÓN QUEDARON SEN REMATAR, E REALIZACIÓN DUN CATÁLOGO-INVENTARIO DOS EDIFICIOS DE VIVENDAS SEN FINALIZAR A SUA CONSTRUCCIÓN, ESTADO ACTUAL DE EJECUCIÓN DE DITOS EDIFICIOS E NIVEL DE CONSERVACIÓN DE VALLAS, PECHES E MAQUINARIA AUXILIAR (pe GRUAS).***

***EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:***

*Como é sabido na Vila de Carral son moitos os edificios destinados a vivenda colectiva que quedaron en distintas fases de avance, sen rematar. Así encontrémonos solares nos que se realizou a excavación necesaria para construcción do inmoble e non se continuo, edificios en estructura, outros cerrados e tabicados, etc. Ademáis algún deles presenta medios auxiliares, como grúas torre, que levan anos sen uso.*

*Con todo elo non encontramos con distintos focos de problemas, que provocan en casos a proliferación de basura e plagas, como é o caso do solar existente nas inmediación de Varinca (rúa do Pan), en este caso, procedeuse a realizar a excavación do solar e parouse a obra, o resultado e un solar anegado durante todo o ano debido a existencia de manatiais e cunha gran vexetación, esto provoca a proliferación de mosquitos, moscas, tábaos, ratas e demáis alimañas cun perxuizo importante para os veciños da rúa do Pan e de Reboredo.*

- *sigue fotografía-*

*Tamén se produce o acceso de persoas (en moitos casos nenos e nenas) os edificios sen rematar con risco de caidas de altura, cortes, aplastamentos, etc. Un ejemplo deste caso, no que xa se viron a nenos e nenas correr pola terraza (sen varandas) e o edificio situado detrás da Cervexería A Boa Estrela, a caida dende esa terrazo (4º piso) sería fatal.*

- *sigue fotografía-*

*Tamén se producen casos de vandalismo, roubos, etc. E unha falta total de confianza da cidadanía no estado de conservación da maquinaria auxiliar, especialmente das grúas torres, dada a súa falta de usos e o seu estado de abandono, debemos recordar ademáis que no noso pobo xa se sufriu o desagradable accidente dunha caida de grúa torre.*

*Dende o Concello de Carral, débese instar urxentemente os propietarios ou promotores destes inmobles e solares a realizar os peches e adecuación dos solares de maneira correcta de forma que se evite a entrada de calquer persoa o interior da obra ou solar e sexan un foco de basura e pragas, este valado e adecuación deberá estar en perfecto estado de conservación. Deberáse instar tamén o peche efectivos dos edificios sen rematar e a retirada da maquinaria auxiliar (grúas torre), por todo o anterior presento para a súa aprobación polo Pleno a seguinte proposta de*

***ACORDOS***

***Primeiro,** O Pleno do Concello de Carral insta ó goberno municipal a realización das xestións e medidas necesarias para que de maneira inmedita i efectiva se proceda o arranxo dos problemas causados á cidadanía e que veñen motivados pola falta de mantemento e conservación de solares i edificios sen rematar.*

***Segundo,** O Pleno do Concello de Carral insta ó goberno municipal a que realice todalas xestións necesarias para que se evite a entrada nos edificios sen rematar de persoas alleas a dita obra, de forma que se eviten os riscos de caida, cortes, roubos, vandalismo, etc. E que estes valados e peches se realicen cunha calidade suficiente para a sua adecuación o entorno urbano existente.*

***Terceiro,** O Pleno do Concello de Carral insta ó goberno municipal a realizar as xestións necesarias para a retirada das maquinarias auxiliares, en especial grúas torres, que en situación de abandono se encontran no pobo de Carral e que representan unha ameaza e perigo para a cidadanía.*

***Cuarto,** O Pleno do Concello de Carral insta ó goberno municipal a realizar as xestións necesarias para que os promotores e propietarios rematen os elementos urbanos e comúns que lles corresponden según os acordos e lexislación vixente.*

***Quinto,** O Pleno do Concello de Carral insta ó goberno municipal a realizar un catálogo-inventario onde se recollan todolos edificios sen rematar, a fase de avance en que se encontran, numero de vivendas, etc. E necesario dotarse desta información para comezar a pensar en solucións para este importante problema de Carral.*

*En Carral, a 13 de Xullo de 2015*
*(sinatura ilexible)*

CONCELLO DE CARRAL SECRETARÍA

*Asdo.: Pablo Couto Lopez"*

Explica o señor Couto que en Carral, polo desenvolvemento urbanístico dos doce últimos anos, hai moitos edificios a medio rematar, coma por exemplo o de Varinca, no que se excavou o soto e, polo nivel freático alto, hai mosquitos, moscas e ratas, cun importante prexuízo para os veciños, ou a UA2, detrás da cervexaría, na que hai nenos correteando pola cima do edificio sen varandas. Coida que o mínimo sería tapialos para que non entren persoas alleas e, por outra banda, queren que os propietarios rematen os elementos comúns, coma as beirarrúas, e que o Concello esixa o correspondente aval. Propoñen facer un catálogo do estado destes edificios e de cantas vivendas hai, para saber a que problema nos enfrontamos. Engade que se aprobou unha modificación da LOUGA para obrigar a que se rematen estes edificios e, para aplicala, hai que saber a que nos enfrontamos.

A señora Duarte Gerpe, voceira do grupo municipal do PP, manifesta que esta cuestión é unha prioridade para o equipo de goberno, e indica que xa hai un rexistro de todas as vivendas e do estado no que están, no que traballan os departamentos de medio ambiente e urbanismo, e por iso o seu grupo vai votar en contra da urxencia da moción.

O señor Couto replica que, se é así, os resultados deses traballos son escasos. O señor Alcalde manifesta que se lles dará traslado diso.

Sometida polo Señor Alcalde a votación a declaración de urxencia da moción, esta é rexeitada por sete votos en contra dos/as señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PP, fronte a seis votos a favor (dos/as cinco señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE e do señor concelleiro do grupo mixto), polo que non se pasa de seguido ao seu tratamento.

**6.4.- Moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE para a constitución do Consello Municipal Escolar de Carral.**

**EXPOSICIÓN**

O señor Couto López, voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE entregou o texto da súa moción por escrito, como segue:

*"O Concelleiro portavoz do Grupo Municipal Socialista, Pablo Couto López, desexa someter a consideración do Pleno a seguinte* ***MOCIÓN: Constitución do Consello Municipal Escolar de Carral.***

***EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:***

*Os Consellos escolares municipais constitúense como organos superiores de consulta e de participación cidadán nos asuntos referidos ás competencias municipais en materia de educación. Dada a creación de novos centros educativos no noso municipio e sendo necesario un organo superior que faga de unión e xenere as sinerxías necesarias para un bo e completo funcionamento da comunidade educativa do Concello de Carral (Escola Unitaria de Tabeaio, CPI Vicente Otero e Victor Velasco, IES, Galiña Azul) faise necesaria a creación deste consello que terá as seguintes funcións, según o recollido no Creto 44/1988:*

*a) Convenios e acordos de colaboración coa Consellería de Educación ou calquera outra Administración Pública, que afecten ó ensino dentro do ambito municipal.*

*b) Actuacións e normas municipais que afecten ós servicios educativos complementarios e extraescolares con incidencia no funciona mento dos centros docentes tales como transporte escolar,*

*comedores, servicios de limpeza e conservación.*

*c)Actuacións e normas municipais que afecten ou favorezan á ocupación real das prazas escolares coa finalidade de mellora-lo rendimento educativo e, no seu caso, facer efectivo a obrigatoriedade do ensino.*

*d)Emprazamento dos centros dentro da demarcación municipal.*

*e) Prioridade nos programas e actuacións municipais que afecten ou favorezan á conservación, vixianza e mantemento axeitado dos centros docentes, dacordo coas competencias que a lexislación otorgue ós Concellos en cada momento, e especial atención á suspensión de barreiras arquitectónicas.*

*f) Fomento de actividades que tendan a mellora-la calidade educativa, especialmente no que respecta á adaptación da programación ó medio, á renovación pedagóxica e á integración escolar.*

*g) Competencias educativas que afecten ó ensino non universitario e que a lexislación outorgue ós municipios.*

*h) Na programación de investimentos en materia educativa.*

*i)Calquera outro asunto que pola súa importancia para a vida escolar do Concello lle sexa consultado.*

***ACORDOS***

***Primeiro,*** *O Pleno do Concello de Carral insta ó goberno municipal a iniciar de forma inmediata o proceso de constitución do Consello Escolar Municipal (CEM) de Carral, comezando pola constitución dunha comisión municipal que se encargue da posta en contacto co Profesorado, Alumnos, ANPAs, Asociacións de veciños, etc.*

*En Carral, a 20 de Xullo de 2015*
*(sinatura ilexible)*
*Asdo.: Pablo Couto Lopez"*

Explica o señor Couto que propoñen a creación dun consello municipal escolar para coordinar os existentes e crear sinerxias entre os xa existentes nos diversos centros do municipio, e para que haxa contacto entre os diferentes profesores, ANPAS e alumnos.

A señora Duarte Gerpe, voceira do grupo municipal do PP, coida que non é unha cuestión urxente, pois en todos os consellos escolares existentes xa están representadas as ANPAS e os profesores, e opina que hai temas máis urxentes na comunidade educativa.

O señor Couto replica que non lle parece unha perda de tempo en absoluto, e que comprobarán se a constitución do órgano que propoñen é obrigatoria por lei.

Sometida polo Señor Alcalde a votación a declaración de urxencia da moción, esta é rexeitada por sete votos en contra dos/as señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PP, fronte a seis votos a favor (dos/as cinco señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE e do señor concelleiro do grupo mixto), polo que non se pasa de seguido ao seu tratamento.

**6.5.- Moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE para solicitar ó Consello Consultivo de Galicia un informe sobre o cumprimento da legalidade vixente da actual situación de dedicacións exclusivaas e parciais dos concelleiros do grupo popular.**

**EXPOSICIÓN**

O señor Couto López, voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE entregou o texto da súa moción por escrito, como segue:

*"O Concelleiro portavoz do Grupo Municipal Socialista, Pablo Couto López, desexa someter a consideración do Pleno a seguinte **MOCIÓN: Solicitar ó Consello Consultivo de Galicia un informe sobre o cumplimento da legalidade vixente da actual situación de dedicacións exclusivas e parciais dos concelleiros do grupo popular.***

***EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:***

*A Constitución Española refrenda que os principios de eficiencia i economía deben rexer a actividade da administración, recentemente consagranse dos novos principios: a estabilidade orzamentaria e a sostenibilidade financieira, a través do artículo 135.*

*Todos eles esixen unha xestión dos fondos públicos máis eficiente, evitando que se asuman competencias sen ter os fondos suficientes para atendelas e procurando, que a xestión dos servizos públicos se realice do modo máis eficiente posible.*

*A Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local incide nestes aspectos limitando o número de cargos de carácter político e condicionando os límites máximos de soldo destes cargos, á poboación do municipio. Así introdúcese un novo art.º 75 na Lei 7/1985 que limita ao número de 3 os Concelleiros que poden ter dedicación exclusiva para municipios entre 3.001 e 10.000 habitantes.*

*Podería solicitarse a aplicación da Disposición Transitoria décima, que permite a demora do cumprimento destas normas en canto a soldos de Concelleiros sempre que se cumpran tres requisitos, cumplir os requisitos de estabilidade orzamentaria e deuda pública e ademáis que o periodo medio de pago a proveedores non supere os 30 días. Ningún dos criterios anteriores son cumplidos polo Concello de Carral.*

*No Concello de Carral, cóntase con una dedicación exclusiva e catro dedicacións parciais, duas ó 85%, percibindo estes dous concelleiros unha cuantía superior por estas dedicacións parciais que no anterior mandato, no que gozaban nalgún caso dunha dedicación exclusiva. As outras duas son ó 50%.*

*Enténdese que este proceder trata de burlar a lei e agocha como parciais duas dedicacións exclusivas, xa que os porcentaxes de dedicación ó 85% son cada menos, pecualiares.*

*Debe advertirse que o lexislador estatal ao tempo de regular a dedicación parcial nos municipios de poboación inferior a 1.000 habitantes optou por uns porcentaxes ao 75%, ao 50% e ao 25% que deben ser interpretados como os desexados, a falta de previsión específica en contrario, para os restantes municipios.*

*Esta é a interpretación que, así mesmo, se contén na citada Nota Explicativa da Reforma Local, do 5 de marzo de 2014, do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, na que se sinala, en relación con esta cuestión, que "No caso de municipios con poboación igual ou superior a 1.000 habitantes, haberá que entender que o límite máximo total que poden percibir por todos os conceptos retributivos os que desempeñen o seu cargo en réxime de dedicación paracial vén determinado pola aplicación do porcentaxe de dedicación parcial-75%, 50%, 25%- que corresponda á contía máxima de referencia por tramos de poboación prevista no parágrafo primeiro da citada Disposición adicional da LPGE 2014.*

*Exemplo da aplicación de tales porcentaxes de dedicación parcial o constitúe o Acordo de 27 de marzo de 2014 do Pleno do Concello de Madrid polo que se establece o réxime retributivo do Alcalde, os Concelleiros e os titulares dos órganos directivos do Concello de Madrid. Así, no apartado 2,1 disponse que "os Concelleiros que se acollan ao réxime de dedicación parcial percibirán as retribucións correspondentes ao tempo de dedicación efectiva, que poderá ser de tres tipos: dedicación parcial ao 25 por 100, dedicación parcial ao 50 por 100 e dedicación parcial ao 75 por 100.*

*Por todo o anterior, en ante as dudas do grupo municipal socialista sobre a legalidade das actuacións nesta materia realizadas polo Concello de Carral, é polo que propoñemos ó Pleno Municipal que se adopten os seguintes*

***ACORDOS***

***Primeiro,** Solicitar ó Consello Consultivo de Galicia un informe sobre o cumplemento da legalidade vixente da actual situación de dedicacións exclusivas e parciais dos concelleiros do grupo popular do Concello de Carral.*

***Segundo,** Que unha vez recibido o devandito informe se traia a este pleno para no seu caso, adecuar as dedicacións a legalidade e se asuman as responsabilidades políticas que correspondan.*

*En Carral, a 24 de Xullo de 2015*
*(sinatura ilexible)*
*Asdo.: Pablo Couto Lopez"*

Explica o señor Couto que no pleno organizativo se anunciaron adicacións parciais ao 85% polas que se cobra máis có ano anterior por outras ao 100%, oq ue entenden que é unha trampa de lei para esconder outras adicacións exclusivas (cuxo número máximo é tres). Por iso, propoñen solicitar un informe ao Consello Consultivo para que determine se é legal, e para corrixilo se non o é.

A señora Duarte Gerpe, voceira do grupo municipal do PP, coida que non é unha cuestión urxente, pois hai un informe da Intervención do Concello a favor.

Sometida polo Señor Alcalde a votación a declaración de urxencia da moción, esta é rexeitada por sete votos en contra dos/as señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PP, fronte a seis votos a favor (dos/as cinco señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PsdeG-PSOE e do señor concelleiro do grupo mixto), polo que non se pasa de seguido ao seu tratamento.

**7.-ROGOS E PREGUNTAS.**

**7.1.- Rogos e preguntas do señor Bergondo Trillo (grupo municipal mixto-ACC/SON)**

1.- O señor Bergondo pregunta se o señor Alcalde ten previsto arranxar os aspersores situados no espazo verde xunto á igrexa, pois regan máis o camiño que a zona verde, ou se son sistemas de limpeza-rego.

2.- Pregunta se está prevista algunha actuación para que o campo de fútbol non se asolague.

**7.2.- Rogos e preguntas do señor Couto López (grupo municipal do PsdeG-PSOE)**

1.- O señor Couto López manifesta que se remitiu unha carta aos veciños na que se indica que houbo un erro no cobramento do servizo de axuda no fogar e que agora pretenden cobrar o dobre en cada tanda de recibos. Critica que a carta tiña o cuño do Concello e ningunha sinatura.

, e manifesta que o deixou abraiado. Pide que se busque outra solución que non sexa unha carga tan grande para os afectados e indica que, se a culpa foi de Abanca, deberían cargar eles co problema.

2.-Lembra que, segundo o cartel, as obras do IES deberían estar rematadas o 8 de agosto, e que o Alcalde dixo que non sabía exactamente cando estarían rematadas e que preguntaría á Xunta. Manifesta que lle parece mal que non saiba cando se van rematar pois, na súa opinión, debería ser o primeiro en coñecelo. Por outra banda, pregunta se están licitadas as obras do enlace do IES coa N550 e, como non lle consta, opina que é imposible por prazos legais executar a obra para tela rematada o 15 de setembro.

3.-Indica que o 19 de xuño se presentou un escrito, que xa presentara o PSOE en 2014, preguntando en relación a varias modificacións puntuais na obra da rúa Alvajar, pois considera que no correspondente expediente non figuran algúns dos documentos que as sustenten. Indica que en ano e medio non se contestou, e que tampouco se contestou ao escrito do 19 de xuño, pese a que o prazo para facelo ñe de cinco días. Pide que se faga o correspondente informe en agosto pois, en caso contrario, en setembro terá que ir a outras Administracións para que investiguen.

**7.3.- Contestacións do señor Alcalde.**

O señor Alcalde manifesta que xa lle dixo ao concelleiro de servizos que se colocasen os aspersores como sexa preciso, e que se solucionará.

En canto ao campo de fútbol, lembra que está en obras e indica que se está tentando canalizar a auga e que espera que quede ben.

En canto á carta relativa ao servizo de axuda no fogar, explica que houbo problemas nos servizos sociais municipais estes meses por diversas baixas do persoal e pola adaptación do sistema informático ao IBAN, de xeito que as técnicas de servizos sociais non emitiron algúns dos recibos. Explica que non se cobrará o dobre, senón que se cobrarán dous meses á vez. Engade que nos servizos sociais están pendentes e que, se alguén non pode atender ao pagamento, fraccionarase ou buscarase algunha outra solución.

No tocante ás obras do IES, manifesta que non é adiviño e que confía nas persoas que lle din que estará operativo o 15 de setembro, e que a rotonda tamén estará rematada nesa data.

En canto á obra da rúa Alvajar, manifesta que xa deu traslado do correspondente informe técnico, no que se explica como e a quen se adxudicou, como se certificou, e que conta co visto e prace dos técnicos que actuaron na obra. Engade que non ten problema en voltar trasladalo.

Ao non existir máis temas que tratar, ás 12 horas e 57 minutos, o Señor Alcalde remata a sesión, da que estendo a presente acta (que consta de trinta e sete páxinas numeradas do un ao trinta e sete , e por min asinadas e seladas co carimbo do Concello, impresas en papel ordinario até a súa elevación ao correspondente libro), que asina o Señor Alcalde, do que, coma Secretario do Concello, dou fe.

| O ALCALDE | O SECRETARIO DO CONCELLO |
|---|---|
| José Luis Fernández Mouriño | Diego García Doval |